



BALANCE DE ACTUACIÓNS

rehavita

PLAN GALEGO DE REHABILITACIÓN, ALUGUER
E MELLORA DE ACCESO Á VIVENDA 2015-2020



INSTITUTO
GALEGO DA
VIVENDA E SOLO

BALANCE PLAN REHAVITA 2015-2020

ANTECEDENTES

O plan galego de rehabilitación, aluguer e mellora de acceso á vivenda 2015-2020 (Plan RehaVita) foi aprobado polo Consello da Xunta de Galicia en 2015 e constitúe o primeiro plan de vivenda elaborado pola comunidade autónoma.

Trátase dun plan adaptado ás peculiaridades de Galicia e ás súas necesidades e constituía unha guía de orientación das actuacións futuras do Instituto Galego da Vivenda e Solo, na que se definían as directrices básicas da política de vivenda e solo na comunidade autónoma de Galicia para o período 2015-2020, que se materializarían a través do desenvolvemento normativo necesario e a aprobación dos programas contidos no plan, con suxeición ao disposto na normativa autonómica reguladoras das subvencións.

O plan poñía especial énfase no deseño da política de vivenda en función das necesidades reais de demanda de vivenda protexida e na rehabilitación do patrimonio construído en consonancia cos principios orientadores das actuacións en materia de urbanismo e ordenación do territorio.

As actuacións planificadas a través do Plan RehaVita elaboráronse tendo en conta:

- As Directrices de Ordenación do Territorio.
- A estimación de demanda de vivenda.
- O impacto das actuacións a realizar.

Da mesma maneira, tivéronse en conta os beneficios que se obteñen a través dos programas de vivenda:

- Social, xa que a vivenda é uns instrumento básico de cohesión social

- Sobre a paisaxe, postos que as actuacións de rehabilitación, ademais de mellorar as condicións de vida dos cidadáns, permiten a recuperación do construído e a conservación da paisaxe evitando a urbanización de novos espazos.
- Económico, xa que se trata de actuacións xeradoras de actividade económica e emprego.

A partir da análise da situación e as necesidades de vivenda elaborouse un plan que se estrutura en catro eixos diferentes:

- Eixo 1. [Acceso á vivenda](#)
- Eixo 2. [Rehabilitación de vivendas e renovación urbana](#)
- Eixo 3. [Prevención da exclusión residencial](#)
- Eixo 4. [Outras medidas en materia de vivenda](#)

No seu conxunto, o Plan RehaVita prevía un total de 50.515 actuacións cun investimento de case 307 M€.

O balance da execución do Plan RehaVita que se realiza a continuación analiza cada un dos programas que se integraban nos diferentes eixos dos que constaba o plan.

ANÁLISE DOS EIXOS

EIXO 1. ACCESO Á VIVENDA

O eixo 1 desenvólvese en catro programas que, á súa vez, contan con varias accións:

- **Programa 1. Promoción pública de vivendas**
 - Acción 1. A construción de vivendas de promoción pública
 - Acción 2. Facilitar o acceso ao financiamento dos adquirentes
 - Acción 3. Disponibilidade de solo para a construción de vivenda pública


- Acción 4. Xestión das vivendas en alugamento
- **Programa 2. Apoio á promoción de vivendas protexidas de protección autonómica**
 - Acción 1. Promoción de solo residencial para vivenda de protección autonómica
 - Acción 2. Flexibilizar o funcionamento do Rexistro de Demandantes de Vivenda Protexida da comunidade autónoma de Galicia
- **Programa 3. Apoio aos adquirentes e cooperativas de vivendas de protección autonómica**
 - Acción 1. Facilitar o acceso ao financiamento
 - Acción 2. Medidas específicas destinadas ás cooperativas de vivendas.
- **Programa 4. Alugueiro de vivenda**
 - Acción 1. Programa Aluga
 - Acción 2.- Xestión do programa de axudas ao alugamento de vivendas do plan estatal 2013-2016
 - Acción 3.- Asinar acordos de colaboración coa Sareb
 - Acción 4.- Programa de vivendas baleiras

INDICADOR ACTUACIÓN	PREVISTO NO PLAN	EXECUTADO	% DE EXECUCIÓN
Vivendas licitadas polo IGVS de promoción pública (nº)	870	858	98,62
Vivendas iniciadas de promoción pública concertada (nº)	740	125	16,89
Axudas concedidas adquirentes (nº)	763	609	79,81
Axudas concedidas programa Aluga (nº)	875	342	42,51
Axudas ao aluguer do Plan estatal concedidas (nº)	9.584	14.750	153,90
Convenios e/ou acordos asinados con concellos (nº)	35	75	214,29
Vivendas do SAREB e outras entidades financeiras postas a disposición (nº)	100	178	178
TOTAL	12.967	16.937	130,62

INDICADOR ORZAMENTO	PREVISTO NO PLAN M€	EXECUTADO M€	% DE EXECUCIÓN
PROGRAMA 1. Promoción pública de vivendas	59,95	68,97	115,05
PROGRAMA 2. Apoio á promoción de vivendas protexidas de protección autonómica	11,28	19,59	173,67
PROGRAMA 3. Apoio aos adquirentes e cooperativas de vivendas de protección autonómica	7,32	9,92	135,52
PROGRAMA 4. Alugueiro de vivenda	28,95	26,95	93,09
TOTAL	107,5	125,43	116,68


Eixo 1. ACCESO Á VIVENDA

Actuacións



Eixo 1. ACCESO Á VIVENDA

Orzamento M€



Programa 1.- Promoción pública de vivendas

Tal e como se establecía no Plan RehaVita, deuse prioridade ás actuacións de construción, rehabilitación, reparación e adxudicación das vivendas de promoción pública nas cidades onde se concentra unha parte importante da demanda recollida no Rexistro único de demandantes de vivenda de

Galicia. En todo caso, tamén se atendeu a demanda doutras localidades de menos poboación e incluso se iniciaron pequenas promocións en concellos de tipo rural co obxectivo de impulsar novas tipoloxías e modelos de promoción de vivenda pública. Deste xeito, mais do 56% das vivendas públicas licitadas e do 60% das adxudicadas están localizadas nalguna das sete cidades de Galicia.

O número de vivendas de titularidade pública da Xunta de Galicia licitadas durante o período foi de 858 coa seguinte distribución territorial.

VIVENDAS LICITADAS							
A CORUÑA		LUGO		OURENSE		PONTEVEDRA	
Concello	Número vivendas	Concello	Número vivendas	Concello	Número vivendas	Concello	Número vivendas
Ames	2	Barreiros	2	Allariz	26	Cangas	2
As Pontes	16			O Barco	7	A Cañiza	1
Betanzos	16	Burela	5	Carballada de Valdeorras	3	Cerdedo-Cotobade	15
Boiro	2	Cervo	7	Carballada de Avia	12	A Guarda	1
Coristanco	1	Chantada	5	O Carballiño	3	Lalín	1
A Coruña	112	Cospeito	1	Cenlle	8	Marín	2
Culleredo	1	Foz	2	Larouco	1	Poio	3
Ferrol	67	Friol	2	Maside	1	Ponteareas	1
Mañón	2	O Incio	8	Ourense	22	Pontevedra	27
Mugardos	1	Lourenzá	1	A Peroxa	2	Porriño	12
Narón	1	Lugo	112	Ribadavia	4	Ribadumia	4
Noia	1	Mondoñedo	5	Ríós	2	Sanxenxo	1
Oleiros	7	Monforte de Lemos	19	Verín	2	Vigo	136
Ortigueira	33	Muras	2			Vila de Cruces	26
Ribeira	3	O Valadouro	4			Vilagarcía de Arousa	17
Santiago	35	Pantón	3				
As Somozas	2	A Pastoriza	3				
		Pobra do Brollón	2				
		Ribadeo	4				

VIVENDAS LICITADAS							
A CORUÑA		LUGO		OURENSE		PONTEVEDRA	
Concello	Número vivendas	Concello	Número vivendas	Concello	Número vivendas	Concello	Número vivendas
		Sarria	4				
		Sober	3				
		Vilalba	9				
		Viveiro	9				
		Xove	2				
TOTAL	302		214		93		249

En todo caso, o indicador mais adecuado é o de vivendas adxudicadas xa que son as vivendas que realmente se puxeron a disposición dos solicitantes.

Así, no período 2015-2020 adxudicáronse 908 vivendas de titularidade pública da Xunta de Galicia nas seguintes localidades.

A CORUÑA		LUGO		OURENSE		PONTEVEDRA	
Concello	Número vivendas	Concello	Número vivendas	Concello	Número vivendas	Concello	Número vivendas
Ames	2	Barreiros	2	Allariz	26	Cangas	2
As Pontes	16	Becerreá	16	O Barco	7	A Cañiza	1
Betanzos	1	Burela	5	Carballada de Valdeorras	3	Cerdedo-Cotobade	5
Boiro	2	Cervo	7	Carballada de Avia	12	A Guarda	1
Coristanco	1	Chantada	5	O Carballiño	3	Lalín	1
A Coruña	72	Cospeito	1	Cenlle	2	Marín	2
Culleredo	1	Foz	2	Larouco	1	Poio	3
Ferrol	54	Friol	2	Maside	1	Ponteareas	1
Mañón	2	O Incio	8	Ourense	61	Pontevedra	159
Mugardos	1	Lourenzá	1	A Peroxa	2	Porriño	12
Narón	1	Lugo	103	Ribadavia	4	Ribadumia	4
Noia	1	Mondoñedo	3	Riós	2	Sanxenxo	1
Oleiros	7	Monforte de Lemos	19	Verín	2	Vigo	74
Ortigueira	33	Muras	2	Vilamarín	25	Vila de Cruces	26
Ribeira	3	O Valadouro	4			Vilagarcía de Arousa	17
Santiago	35	Pantón	3				
As Somozas	2	A Pastoriza	3				
		Pobra do Brollón	2				
		Ribadeo	4				
		Sarria	4				
		Vilalba	7				

A CORUÑA		LUGO		OURENSE		PONTEVEDRA	
Concello	Número vivendas	Concello	Número vivendas	Concello	Número vivendas	Concello	Número vivendas
		Viveiro	9				
		Xove	2				
TOTAL	234		214		151		304

Destas vivendas, 739 foron adxudicadas en alugamento e 164 en venda. É dicir, preto do 82% das vivendas foron adxudicadas en alugamento.

É importante subliñar que durante este período intensificáronse as actuacións de reparación de vivendas públicas que por diferentes motivos deixaron de estar ocupadas, de tal xeito que a rotación no parque de vivendas propiedade do IGVS permitiu atender as necesidades de moitas familias. En todo caso, para que os novos ocupantes puideran recibir vivendas en perfectas condicións de habitabilidade foi necesario realizar importantes obras de reparacións nas vivendas recuperadas.

Por outra parte, inda que non estean computadas aquí, tamén forman parte do parque público de vivenda as adquiridas e rehabilitadas en conxuntos históricos, destinadas en exclusiva ao réxime de alugueiro.

Así, adquiríronse edificacións en conxuntos históricos a través de ofertas públicas de adquisición para que, logo de acometer a rehabilitación das mesmas, as vivendas resultantes se destinen a vivenda pública en alugueiro.

Con esta adquisición de inmobles abandonados ou semiabandonados, a Xunta pretende contribuír á rexeneración das zonas máis degradadas dos conxuntos históricos. As rehabilitacións ou construcións que se fan son destinadas a vivendas públicas que se adxudican en réxime de alugamento. Ademais, obtéñense locais comerciais que dinamicen a zona.

Durante a vixencia do Plan RehaVita adquiríronse un total de 76 edificacións que permiten a rehabilitación de 132 vivendas e 13 locais comerciais, coa seguinte distribución por localidades:

CONCELLO	NÚMERO INMOBLES	IMPORTE ADQUISICIÓN	VIVENDAS	LOCAIS
Betanzos	17	786.378	22	3
Ferrol	19	1.188.119	38	4
Mondoñedo	15	681.904	27	5
Vilalba	3	85.000	4	1
Viveiro	2	40.000	3	0
Lugo	7	724.325	11	0
Ourense	7	518.375	13	0
Ribadavia	4	276.102	10	0
Tui	1	100.095	4	0
TOTAL	76	4.404.298	132	13

Todas as vivendas unha vez rehabilitadas, son cualificadas como vivendas de promoción pública. O importe xa executado na rehabilitación das vivendas rematadas así como as previsións totais inclúense no apartado de rehabilitación directa por parte do IGVS

En todo caso, dado que estas vivendas non foron adxudicadas no período 2015-2020 non están incluídas no cadro de vivendas adxudicadas.

Así mesmo, co obxecto de poder dispoñer de **solo para a construción de vivenda pública** foi necesario adquirir solo en Vigo para a construción de 36 vivendas na rúa Ignacio Grobas e 26 na rúa Canicouva. Estas parcelas adquiríronse ao de concello de Vigo a cambio do 10% da edificabilidade final resultante, o que supuxo a entrega de 5 vivendas ao concello así como locais comerciais.

Tamén se reservou solo para a construción de vivenda pública nos ámbitos residenciais xa titularidade da Xunta de Galicia en A Coruña, Santiago, Lugo, Pontevedra, Ferrol e no novo desenvolvemento de San Paio en Vigo.

Por outra banda, como sinalabamos anteriormente, a meirande parte das vivendas de nova construción ou reparadas, e a totalidade das rehabilitadas en conxuntos históricos e núcleos rurais, adxudícanse en réxime de alugueiro. Durante o período, continuouse coa **xestión das vivendas públicas** mantendo unhas rendas de alugamento moi asumibles e adaptadas á situación económica e familiar dos adxudicatarios con axudas de ata o 50% sobre a renda mensual tanto ás persoas que xa viñan

desfrutando dunha vivenda en alugamento como para todas as novas adxudicacións.

Así mesmo, os adxudicatarios en réxime de compravenda teñen garantido o acceso ao financiamento para o pago das vivendas a través dos convenios asinados polo Instituto Galego da Vivenda e Solo con entidades financeiras ou, se é necesario, a través do financiamento directo por parte do IGVS.

Por outra banda, **no referente á vivenda pública concertada**, articulouse un procedemento de concesión de axudas aos concellos para a rehabilitación de vivenda con destino a alugueiro social. Este programa tivo moi boa acollida nos concellos e, ademais, é compatible co Fondo de Cooperación para actuacións de rehabilitación. Isto permite que concellos con demanda moi localizada podan acometer actuacións de rehabilitación que lles permite ademais de recuperar vivendas en desuso, facilitar o acceso a aquelas persoas con maior dificultade.

Estas subvencións están dirixidas a prestar apoio aos concellos de Galicia de menos de 20.000 habitantes para que poidan rehabilitar inmobles da súa titularidade, como as antigas vivendas de mestres, as doutros oficios e outras edificacións municipais, co obxecto de que se destinen, en réxime de alugamento, a residencia habitual e permanente de unidades de convivencia con ingresos inferiores a 2,5 veces o indicador público de renda de efectos múltiples (Iprem), que é o límite de ingresos para o acceso ás vivendas de promoción pública construídas polo IGVS. Os concellos solicitantes deben de contar con demandantes de vivenda inscritos no Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade Autónoma de Galicia no seu concello.

As axudas acadan ata o 90% do orzamento protexido das obras, podendo acadar os 40.000 euros por vivenda rehabilitada, ou 48.000 euros no caso de vivendas situadas en ámbito histórico ou dos Camiños de Santiago

Considéranse actuacións subvencionables a execución de obras de rehabilitación en edificacións e en vivendas de titularidade municipal, que garantan o cumprimento dos requisitos básicos de funcionalidade, seguranza, habitabilidade e/ou a accesibilidade.

Durante a vixencia do Plan RehaVita concedéronse axudas por un importe de 4,38 M€ que permiten a rehabilitación de 125 vivendas en 44 concellos , coa seguinte distribución por localidades:

VIVENDAS DE TITULARIDADE MUNICIPAL		
CONCELLO	NÚMERO VIVENDAS	IMPORTE CONCEDIDO €
Cabana de Bergantiños	6	180.061,98
Curtis	2	69.284,77
Ordes	1	33.017,35
Ponteceso	2	51.961,34
Rianxo	8	293.983,18
Santiso	3	104.955,71
Tordoia	1	29.655,74
A Pastoriza	5	185.850,88
Baralla	1	38.570,58
Begonte	1	36.114,52
Castro de Rei	1	27.622,17
Mondoñedo	3	39.898,49
O Corgo	1	46.499,12
O Vicedo	1	35.991,55
Pobra do Brollón	6	200.128,82
Sober	5	316.563,90
Trabada	3	65.193,93
A Peroxa	6	231.286,85
A Veiga	10	385.110
Bande	6	197.822,48
Cartelle	2	80.000
Cenlle	2	66.107,39
Cortegada	1	36.566,18
Cualedro	5	200.000,00
Porqueira	4	86.891,81
Sandiás	2	73.430,48
Toén	2	40.000,00
Verea	1	35.507,80
Vilar de Santos	1	32.475,19
Vilardevós	6	216.412,36
Vilariño de Conso	1	40.000,00
A Cañiza	1	35.984,78
A Guarda	1	29.751,98
A Lama	2	71.979,00

VIVENDAS DE TITULARIDADE MUNICIPAL		
CONCELLO	NÚMERO VIVENDAS	IMPORTE CONCEDIDO €
Arbo	1	7.442,10
As Neves	2	75.119,77
Baiona	2	80.000,00
Cerdedo-Cotobade	4	192.000,00
Crecente	4	158.395,64
Forcarei	2	9.219,61
Dozón	3	95.824,94
Gondomar	1	40.000,00
Mos	1	33.058,27
Oia	2	74.485,90
TOTAL	125	4.380.226,56

Programa 2 . Apoio á promoción de vivendas protexidas de protección autonómica

En relación coa **construción de vivenda protexida** cabe indicar que durante a duración do Plan RehaVita, cualificáronse provisionalmente 1.676 vivendas e definitivamente 1.548 coa seguinte distribución por provincias e por anos.

CUALIFICACIÓNS PROVISIONAIS E DEFINITIVAS										
	A CORUÑA		LUGO		OURENSE		PONTEVEDRA		GALICIA	
	Provi-sional	Defini-tiva	Provi-sional	Defini-tiva	Provi-sional	Defini-tiva	Provi-sional	Defini-tiva	Provi-sional	Defini-tiva
2015	111	32	0	7	0	90	56	143	167	272
2016	101	36	0	1	0	0	11	1	112	38
2017	111	28	0	14	0	1	2	2	113	45
2018	0	33	11	12	13	0	24	3	48	48
2019	106	94	0	37	0	11	40	6	146	148
2020	237	219	3	0	0	3	12	1	252	223
TOTAL	666	442	14	71	13	105	145	156	838	774

Como se pode observar no cadro anterior, a meirande parte das cualificacións prodúcense nas provincias de A Coruña e Pontevedra que é onde a diferenza de prezo entre a vivenda libre e a protexida é máis significativa polo que resulta máis atractiva para promotores e usuarios.

Segundos datos do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, nos últimos en Galicia a diferenza de prezos medios entre a vivenda libre e a vivenda protexida reduciuse, o que provoca que en moitas

localidades a construción de vivenda protexida sexa menos viable que en momentos anteriores.

Prezos Galicia		
Ano	Vivenda libre	Vivenda protexida
2008	1.552	1.045
2021	1.210	959

Por outra banda, o **desenvolvemento de solo para a construción de vivendas** co obxectivo de garantir a dispoñibilidade de solo urbanizado nas cidades onde se concentra a maior demanda de vivenda protexida centrouse principalmente, nas cidades da Coruña e Vigo co desenvolvemento do parque Ofimático (A Coruña) para a construción de 1.100 vivendas protexidas e a ampliación de San Paio de Navia (Vigo) para 1.600 vivendas.

No primeiro caso, o sistema de xestión utilizado é o de cooperación polo que o concello asumiu o papel de promotor dunha urbanización na que a Xunta é propietaria do 50 por cento do ámbito. O resultado non foi o agardado, xa que sucesivos atrasos por parte do concello fixeron que a urbanización non estea rematada, aínda que no seu ámbito xa se remataron vivendas e se están a construír novas promocións.

Malia ser o concello o promotor, a Xunta de Galicia actuou como motor do Ofimático, chegando en dúas ocasións (2016 e 2021) a adiantar o pago de cotas de urbanización para facilitar que o concello puidese licitar e adxudicar diversas obras de urbanización da zona.

En Vigo o promotor da ampliación de San Paio de Navia é o IGVS, que avanzou todo o posible malia os atrasos do concello, primeiro na tramitación e aprobación definitiva da modificación do plan parcial e despois na aprobación dos proxectos de urbanización das tres fases en que se vai desenvolver a actuación.

Malia ditos atrancos, o IGVS adiantou todo o posible o desenvolvemento do único solo para vivenda protexida que se está a urbanizar na cidade galega que concentra a meirande demanda de vivenda protexida de Galicia. De non ser por esas demoras, as obras de urbanización do primeiro

polígono da ampliación de San Paio de Navia poderían terse licitado antes do remate da vixencia do Plan RehaVita.

Para a ampliación deste solo residencial en 265.000 metros cadrados foi necesario modificar o Plan Parcial. O IGVS solicitou o inicio da avaliación ambiental en xuño de 2016, pero a modificación do Plan Parcial non foi aprobada inicialmente polo Concello de Vigo ata o 25 de xaneiro de 2018 e de forma definitiva o 29 de xullo de 2020.

En todo caso, durante eses catro anos de tramitación municipal a Xunta de Galicia foi avanzando na adquisición do solo e na redacción do proxecto de urbanización.

O IGVS xa era propietario no ámbito de máis de 80.000 metros cadrados. Para adquirir o resto do solo necesario para a ampliación da zona residencial de San Paio de Navia, o IGVS recorreu a tres vías: adquisición, permuta e expropiación.

A Xunta destinou 9.579.696,74 de euros en 2016 á adquisición de 54.989 metros cadrados de solo e outros bens para a ampliación de San Paio de Navia.

O plan parcial foi aprobado inicialmente polo concello de Vigo o 26 de xaneiro de 2018. Unha vez aprobado inicialmente o plan parcial, realizouse unha oferta pública de permuta de solo por edificabilidade (DOG 20/4/2018). Por este procedemento adquiríronse 39.588,75 metros cadrados cunha valoración de 3.958.875 €.

Unha vez aprobado definitivamente o plan parcial e rematada a fase de permuta procedeuse, no ano 2021, á expropiación dos terreos que non foran adquiridos en compravenda ou permuta. A expropiación incluíu 77.286,25 metros cadrados por un importe de 10.634.880,92 €.

Así mesmo, durante o período tamén se fixeron investimentos en Garabolos (Lugo) por importe de 379.377 €, en Valdecorvos (Pontevedra) por importe de 819.073 € e en Bertón (Ferrol) de 819.073 €.

Ademais das actuacións que realizou a Xunta de Galicia, **é importante que os concellos mobilicen tamén os seus patrimonios públicos de solo** poñéndooos en disposición de que cooperativas e promotores podan

acceder a eles en condición que posibiliten a construción de novas vivendas protexidas.

Así mesmo, implantouse o **programa de fomento do parque de vivenda en alugamento**. Este programa tiña por finalidade o fomento do parque de vivenda en alugamento ou cesión en uso, dirixido a incentivar economicamente a súa promoción, pública ou privada, co compromiso de permanencia mínima nese réxime durante vinte e cinco anos.

A contía das axudas era proporcional á superficie útil de cada vivenda e era a seguinte, en función da modalidade escollida:

- a) O importe das axudas directas era de ata un máximo de 350 euros por metro cadrado de superficie útil de vivenda. A contía máxima desta subvención non podía superar o 50% do investimento da actuación, cun límite máximo de 36.750 euros por vivenda.

O prezo do alugamento ou da cesión en uso non podía superar os límites que se indican en euros mensuais por metro cadrado de superficie útil de vivenda, máis, de ser o caso, un 60% da dita contía por metro cadrado de superficie útil de praza de garaxe ou de calquera outra superficie adicional anexa á vivenda sen inclusión, en ningún caso, de superficies de elementos comúns:

MODALIDADE A		
Ámbito territorial	Renda/m ² útil de vivenda	Renda/m ² útil de rocho e garaxe
Prezo máximo superior	4,90 €	2,94 €
Zona 1	4,26 €	2,56 €
Zona 2	3,70 €	2,22 €

- b) A contía das axudas directas era de ata un máximo de 300 euros por metro cadrado de superficie útil de vivenda. O importe máximo desta subvención non podía superar o 40% do investimento da actuación, cun límite máximo de 31.500 euros por vivenda.

O prezo do alugamento ou da cesión do uso non podía superar os límites que se indican en euros mensuais por metro cadrado de superficie útil de vivenda, máis, de ser o caso, un 60% da dita contía por metro cadrado de superficie útil de praza de garaxe ou de calquera outra superficie adicional

anexa á vivenda sen inclusión, en ningún caso, de superficies de elementos comúns:

MODALIDADE B		
Ámbito territorial	Renda/m ² útil de vivenda	Renda/m ² útil de rocho e garaxe
Prezo máximo superior	5,23 €	3,14 €
Zona 1	4,55 €	2,73 €
Zona 2	4,12 €	2,47 €

Realizáronse dúas convocatorias. Unha destinada a vivendas para alugueiro con carácter xeral e outra para vivendas para alugueiro destinadas a maiores de 65 anos e persoas con discapacidade.

No caso da segunda convocatoria, para maiores e discapacitados, non se presentaron solicitudes.

Na convocatoria de axudas con carácter xeral concedéronse as seguintes:

CONCELLO	PROMOTOR	NÚMERO DE VIVENDAS	IMPORTE CONCEDIDO €
A Coruña	Concello da Coruña	5	91.800
Ribadeo	Empresa privada	40	982.100
Sarria	Empresa privada	40	1.083.530
Sarria	Empresa privada	11	215.337
TOTAL		96	2.372.767,00

Programa 3. Apoio aos adquirentes e cooperativas de vivendas de protección autonómica

Durante a vixencia do Plan RehaVita **concedéronse 609 axudas a adquirentes de vivendas protexidas ou vivendas a prezo limitado por importe total de 3.692.603 €:**

- 261 axudas a adquirentes de vivendas protexidas por importe de 1.332.000 €.

- 335 axudas a adquirentes de vivenda no medio rural por importe de 2.234.203 €
- 13 axudas para adquisición en centros históricos por importe de 126.400 €.

AXUDAS PARA ADQUISICIÓN DE VIVENDA EN CONCELLOS DE MENOS DE 5.000 HABITANTES POR MENORES DE 35 ANOS						
CONCELLO	2018		2019		2020	
	Nº	€	Nº	€	Nº	€
A Baña			4	21.600		
A Capela					1	5.400
As Somozas			2	10.400		
Boqueixón			4	32.300	3	21.320
Cabana de Bergantiños	1	8.400	2	10.800		
Cariño			5	34.100	4	26.750
Carnota			1	10.800		
Catoira	1	5.400				
Cerdido			2	7.000		
Corcubión			1	6.600	3	32.400
Coirós			2	19.800		
Curtis	1	5.400	8	52.800	5	40.200
Fisterra			1	10.800	1	10.800
Frades			1	8.000		
Lousame					2	10.800
Mazaricos			2	10.800		
Mesía			1	5.400		
Moeche			3	21.200		
Monfero			2	10.800		
Muxía			1	10.800	3	21.442
O Pino			2	10.800		
Rois	1	10.800	3	21.400	1	9.000
San Sadurniño	1	10.000	1	5.400	1	5.400
Touro	1	10.800				
Trazo			2	10.800		
Val do Dubra					4	32.400
Vilarmaior					1	10.800
Vilasantar	2	10.800	2	4.200		
A Fonsagrada	1	6.000	3	19.600	1	4.200
A Pastoriza			2	5.000	3	18.400

AXUDAS PARA ADQUISICIÓN DE VIVENDA EN CONCELLOS DE MENOS DE 5.000 HABITANTES POR MENORES DE 35 ANOS						
CONCELLO	2018		2019		2020	
	Nº	€	Nº	€	Nº	€
A Pontenova					2	21.600
Abadín			2	10.000		
Antas de Ulla			1	10.800		
Baleira					1	4.120
Barreiros	1	10.800	1	10.800	2	10.800
Becerreá	1	3.700	1	4.656		
Begonte			4	24.700	6	41.400
Castroverde			3	18.400		
Cervo					1	8.000
Cospeito			2	10.800	1	7.000
Friol			1	5.400	2	9.900
Láncara					5	29.200
Lourenzá			6	44.000	4	20.800
Meira	1	10.800	2	10.800		
Mondoñedo	2	10.800	1	9.600		
Monterroso	1	5.400	7	52.200	5	28.000
Navía de Suarna			1	10.800		
O Corgo			1	10.800		
O Páramo					1	10.800
O Saviñao			4	32.400	3	16.200
O Valadouro			2	10.800		
Palas de Rei			5	25.200	4	21.600
Pantón	1	5.000	2	10.800	1	10.800
Paradela			3	16.560		
Portomarín			2	10.755	2	10.800
Quiroga			2	12.960	1	4.800
Rábade			5	29.600	3	18.300
Sober			1	5.000		
Taboada	1	3.500	1	10.800		
Trabada					2	10.800
Triacastela			1	10.800		
Xove			4	22.757		
A Bola			2	10.800		
A Merca			1	10.800		
A Peroxa			1	10.800		
A Pobra de Trives			1	10.800		

AXUDAS PARA ADQUISICIÓN DE VIVENDA EN CONCELLOS DE MENOS DE 5.000 HABITANTES POR MENORES DE 35 ANOS						
CONCELLO	2018		2019		2020	
	Nº	€	Nº	€	Nº	€
A Rúa			1	6.000	1	2.060
Amoeiro					2	10.800
Avión			1	7.600		
Boborás			1	3.600		
Carballeda de Valdeorras			1	4.983		
Cartelle			3	13.500		
Castrelo do Val					1	10.800
Cenlle					1	10.800
Cortegada					1	7.720
Entrimo					1	5.600
Esgos	1	3.850				
Laza					1	4.400
Leiro			1	9.400		
Lobios			1	8.000		
Maceda					2	13.800
Manzaneda			2	3.200		
Maside			2	20.520	1	5.000
Monterrei					1	10.800
Muiños			1	10.800		
Nogueira de Ramuín			2	10.800		
Oímbra			1	8.000		
Paderne de Allariz					2	14.700
Padrenda			1	6.400		
Parada de Sil			1	4.000		
Punxín			2	8.800		
Ramirás			1	5.400		
San Xoán de Río			1	4.000		
Sandiás					2	4.800
Toén			2	13.800		
Verea			1	1.300	2	10.800
Viana do Bolo			2	11.000		
Vilamarín			2	9.000	2	10.800
Vilar de Santos			2	5.400		
A Illa de Arousa	2	21.600	5	43.200	4	32.400
Agolada			3	15.400	3	8.000
Arbo			1	10.800		

AXUDAS PARA ADQUISICIÓN DE VIVENDA EN CONCELLOS DE MENOS DE 5.000 HABITANTES POR MENORES DE 35 AÑOS						
CONCELLO	2018		2019		2020	
	Nº	€	Nº	€	Nº	€
Barro			2	20.800	2	10.800
Catoira			3	21.600	2	21.600
Covelo					1	7.790
Forcarei	2	14.000			2	10.000
Fornelos de Montes	1	9.000				
Meis			4	27.600		
Mondariz			3	32.400	3	18.560
Moraña	1	5.400	1	10.800	2	10.800
Oia			1	10.000		
Pazos de Borbén			4	21.600	1	8.000
Pontecesures			3	14.300		
Portas			2	10.800	1	8.500
TOTAL	24	171.450	191	1.269.191	120	793.562

AXUDAS PARA ADQUISICIÓN DE VIVENDA EN CENTROS HISTÓRICOS				
CONCELLO	2019		2020	
	Nº	€	Nº	€
A Coruña	1	12.800		
Santiago			1	6.400
Pontedeume	1	10.800	2	8.600
Ourense			1	12.800
Verín			1	10.800
Caldas de Reis			1	10.800
Cambados	1	4.200		
Marín	1	10.800		
Pontevedra	1	12.800		
Vigo	1	12.800	1	12.800
TOTAL	6	62.400	7	62.200

AXUDAS PARA ADQUISICIÓN DE VIVENDA PROTEXIDA						
CONCELLO	2015		2016		2017	
	Nº	€	Nº	€	Nº	€
A Coruña	1	6.000	9	44.000	4	24.000
Ames	2	12.000	1	6.000	1	4.000
A Pobra do Caramiñal			1	6.000		
Arteixo			2	10.000		
Carballo	1	4.000				
Ferrol			1	8.000		
Narón			1	6.000		
Oroso			1	4.000	15	76.000
Ribeira			1	8.000		
Sada			1	6.000		
Santa Comba					1	6.000
Santiago de Compostela	13	58.000	40	158.000	50	246.000
Bóveda			1	6.000		
Chantada			2	12.000	1	6.000
Foz			1	6.000		
Lugo	3	14.000	11	56.000	4	24.000
Mondoñedo	1	6.000				
Monforte de Lemos	3	14.000			1	4.000
O Incio					1	6.000
Sarria			2	10.000		
Vilalba			1	6.000	1	6.000
Viveiro			2	14.000	1	4.000
Celanova	1	6.000				
Maceda			1	6.000		
O Barco de Valdeorras			1	6.000		
O Carballiño					1	6.000
Ourense	1	6.000	5	30.000	2	8.000
A Estrada	6	32.000	1	2.000		
As Neves			1	6.000		
Bueu			1	6.000		
Cambados	1	4.000				
Cuntis					1	6.000
Marín			1	2.000		
Mondariz	1	8.000				
O Porriño			1	4.000	1	6.000
Poio					1	6.000
Ponteareas	1	6.000	2	16.000		
Pontevedra	3	18.000	2	12.000	2	14.000
Redondela					15	86.000
Salceda de Caselas			1	6.000	1	6.000
Sanxenxo	1	6.000				
Vigo	8	36.000	4	26.000	1	8.000
Vilagarcía de Arousa	6	34.000	1	4.000	2	14.000
Vilanova de Arousa	1	4.000				
TOTAL	54	274.000	100	492.000	107	566.000

Ademais, convocouse un **concurso público de adxudicación de solo para vivendas protexidas** co que se pretendeu cubrir un dobre obxectivo:

- facilitar o acceso á vivenda ás persoas con maior dificultade, dando prioridade ás ofertas que se destinaran á construción de vivendas protexidas para as persoas con ingresos máis baixos
- impulsar a construción de vivenda protexida en alugamento dando prioridade ás ofertas que se destinaban á súa construción.

Deste xeito, nas bases do concurso establecíanse as seguintes condicións:

- As ofertas tiñan que acompañar unha proposta arquitectónica da edificación que se pretendía construír que deberían contar cunha calidade adecuada. A estes efectos, era preciso acadar unha puntuación técnica mínima.
- Os solicitantes podían presentar ofertas para a adxudicación do solo en:
 - compra
 - dereito de superficie.
- O solo adxudicado en dereito de superficie debería ser destinado obrigatoriamente á construción de vivendas protexidas en alugamento durante un período de 30 anos.
- Tanto en compra como en dereito de superficie, foi posible presentar ofertas para construír vivendas acollidas ás distintas modalidades de vivendas protexidas.
 - Réxime especial
 - Réxime xeral
 - Réxime concertado
- O prezo do solo fixouse en función da modalidade á que se destinaran as vivendas a construír na parcela adxudicada. O solicitante podía presentar unha oferta económica axustada á modalidade de vivendas protexidas que ía construír na parcela. Deste xeito, cada parcela tiña fixado un prezo diferente en función da modalidade de vivenda protexida para a que se pretendía presentar a oferta. Máis barato se é destinado á construción de vivendas de réxime especial, un pouco máis caro se é para destinar a vivendas de réxime xeral, e un prezo superior para as vivendas de réxime concertado. O prezo do solo

establécese nunha porcentaxe de repercusión sobre o prezo máximo de venda das vivendas resultantes. Así, canto máis baixo sexa o prezo de venda autorizado en función da categoría de vivenda protexida, máis reducido será o prezo de venda do solo.

- No caso de que a adxudicación se realizara en dereito de superficie, o importe do canon a pagar era unha porcentaxe do prezo do solo.
- Outorgouse preferencia ás solicitudes en función da modalidade de vivenda protexida que se pretendía construír na parcela. Tiñan preferencia na adxudicación o promotor que solicitase o solo para a construción de vivendas protexidas, primeiro de réxime especial, logo de réxime xeral e por ultimo, de réxime concertado.
- Dentro das ofertas que se refiran á mesma modalidade de vivendas protexidas, tiña preferencia na adxudicación o promotor que solicitase o solo para a construción de vivendas protexidas en alugueiro, tanto si pretendía constituír un dereito de superficie sobre o solo como se pretendía compralo.
- A igualdade de ofertas en canto á modalidade de vivendas e en canto á forma de titularidade do solo, valorábanse as ofertas atendendo a criterios como o prazo de remate da edificación ou fin social da promoción primando as cooperativas, as entidades de ánimo de lucro.

O concurso convocado supoñía ofertar solo para 1.439 vivendas protexidas cunha edificabilidade total de 147.000 m² e cunha valoración que oscilaba ente os 28,5 M€ en caso de que as adxudicacións se realizasen para a construción de vivendas de réxime especial e os 50,7 M€ no caso de que se destinasen a réxime concertado.

Adxudicacións:

AREA RESIDENCIAL	SOLICITANTE	SUPERFICIE m ²	NÚMERO VIVENDAS	RÉXIME
A Coruña. Parque Ofimático	Mirador de Matogrande Scg	2.256	90	xeral
A Coruña. Parque Ofimático	Mirador de Matogrande Scg	2.496	90	xeral
A Coruña. Parque Ofimático	Galivivienda San Pelayo S. Coop.	893	14	especial
Pontevedra. Valdecorvos	Residencial Prado Novo S. Coop. Galega	893	17	concertado
Pontevedra. Valdecorvos	Residencial Prado Novo S. Coop. Galega	908	16	concertado
TOTAL		7.446,00	227	

O prezo de adxudicación das cinco parcelas ascendeu a 6.289.365,98 € máis 1.320.766,86 € en concepto de IVE.

Programa 4. Alugueiro de vivenda

Durante a vixencia do plan deuse especial protagonismo a facilitar o acceso á vivenda en alugueiro a través de axudas directas aos inquilinos que tiñan unha especial dificultade. Deste xeito, ademais das axudas dirixidas especificamente aos colectivos mais vulnerables e que están incluídas no Eixo 3 do plan, fóronse realizando sucesivas convocatorias para a concesión de subvencións destinadas ao pagamento do alugueiro a persoas que, con carácter xeral, non debían de superar ingresos de 2,5 veces o IPREM e residiran ou foran a alugar unha vivenda para a que se establecía un tope máximo de renda en función da localidade onde estivera emprazada.

Estas axudas facilitaron que miles de persoas fixeran fronte ao pagamento do alugueiro reducindo sensiblemente o esforzo familiar para o acceso á vivenda.

Durante o período 2015-2020 concedéronse 14.750 axudas por un importe de 22.892.218,05 €.

AXUDAS AO ALUGUEIRO					
CONCELLO	NÚMERO AXUDAS	IMPORTE €	CONCELLO	NÚMERO AXUDAS	IMPORTE €
A Baña	2	2.640,00	Moaña	39	66.687,21
A Cañiza	17	15.840,00	Moeche	1	2.800,00
A Capela	1	1.800,00	Mondariz	5	7.320,00
A Coruña	2.225	3.919.660,84	Mondariz-Balneario	3	3.520,00
A Estrada	73	82.053,82	Mondoñedo	18	15.253,50
A Fonsagrada	1	4.040,00	Monforte de Lemos	124	143.003,06
A Guarda	56	60.496,37	Monterrei	3	3.421,94
A Lama	1	600	Monterroso	2	2.256,00
A Laracha	29	36.588,80	Mos	20	29.486,00
A Merca	1	1.800,00	Mugardos	22	25.796,20
A Pastoriza	1	1.200,00	Muros	4	6.720,00
A Pobra de Trives	1	1.500,00	Muxía	3	1.320,00
A Pobra do Brollón	1	1.020,00	Narón	184	266.765,76
A Pobra do Caramiñal	11	14.094,00	Neda	7	7.336,00
A Rúa	5	6.180,00	Negreira	31	35.717,70
A Veiga	5	2.713,35	Negreira de Muñiz	2	824,52
Abegondo	2	3.180,00	Nigrán	63	106.124,74
Alfoz	1	1.440,00	Nogueira de Ramuín	2	3.342,00
Allariz	28	41.314,00	Noia	18	24.488,00
Ames	230	359.455,49	O Barco de Valdeorras	36	55.523,36
Amoeiro	5	5.930,00	O Carballiño	36	47.885,16

AXUDAS AO ALUGUEIRO					
CONCELLO	NÚMERO AXUDAS	IMPORTE €	CONCELLO	NÚMERO AXUDAS	IMPORTE €
Antas de Ulla	1	1.200,00	O Corgo	3	3.240,00
Aranga	2	2.040,00	O Grove	9	14.110,00
Ares	7	9.036,13	O Incio	1	960
Arteixo	319	458.463,40	O Pereiro de Aguiar	6	14.009,68
Arzúa	9	9.504,00	O Pino	2	2.875,00
As Neves	12	15.965,88	O Porriño	129	205.760,24
As Pontes de García R.	8	8.113,44	O Rosal	13	16.284,00
As Somozas	1	960	O Saviñao	1	432
Baiona	56	93.200,63	O Valadouro	3	3.900,00
Baños de Molgas	1	2.400,00	O Vicedo	2	2.448,00
Baralla	1	1.152,00	Oia	5	9.948,00
Barbadás	58	91.759,12	Oleiros	155	265.055,41
Barreiros	7	6.757,20	Ordes	73	78.448,85
Barro	2	2.880,00	Oroso	36	46.799,24
Becerreá	8	7.920,00	Ourense	1.328	1.948.940,53
Begonte	1	1.920,00	Outeiro de Rei	5	9.660,00
Bergondo	6	8.720,00	Outes	2	1.344,00
Betanzos	46	63.861,44	Oza dos Ríos	1	1.440,00
Boiro	21	30.226,60	Paderne	3	6.456,00
Boqueixón	2	2.775,00	Paderne de Allariz	1	1.680,00
Bóveda	1	960	Padrón	18	27.463,40
Brión	14	29.478,36	Paradela	1	2.400,00
Bueu	16	22.908,00	Pazos de Borbén	3	4.992,00
Burela	99	120.224,34	Poio	52	67.852,40
Cabanas	1	1.440,00	Pol	4	4.460,00
Caldas de Reis	35	47.596,27	Ponte Caldelas	17	21.868,80
Camariñas	1	2.100,00	Ponteareas	191	274.888,24
Cambados	28	40.522,00	Ponteceso	4	3.504,00
Cambre	136	214.301,99	Pontecesures	9	10.037,58
Cangas	131	189.760,06	Pontedeume	14	19.082,58
Carballeda de Avia	1	720	Pontevedra	688	1.087.071,60
Carballeda de Vald.	2	1.680,00	Portas	1	2.400,00
Carballedo	1	4.008,00	Porto do Son	2	3.120,00
Carballo	58	74.389,18	Portomarín	1	2.400,00
Cariño	3	3.636,00	Quiroga	2	858,84
Carnota	2	2.400,00	Rábade	5	4.788,00
Carral	17	24.202,88	Redondela	117	170.832,73
Castro de Rei	33	29.463,02	Rianxo	2	2.400,00
Castroverde	2	3.810,00	Ribadavia	6	9.216,00
Catoira	6	7.080,00	Ribadeo	56	84.984,38
Cedeira	18	18.827,80	Ribadumia	15	15.483,46
Cee	19	28.131,00	Ribeira	66	86.226,80
Celanova	17	20.073,96	Riotorto	2	2.880,00
Cerceda	4	6.048,00	Rodeiro	23	20.236,80
Cerdedo	4	4.005,00	Rois	2	677,42
Cerdido	1	1.200,00	Sada	88	146.187,36
Cervo	1	1.368,00	Salceda de Caselas	60	72.227,74
Cesuras	2	2.784,00	Salvaterra de Miño	22	23.923,90
Chantada	21	25.785,90	San Cibrao das Viñas	14	19.821,22
Coles	2	2.064,00	San Sadurniño	2	2.928,00
Corcubión	5	1.680,00	Santa Comba	9	14.818,00
Cortegada	4	4.440,00	Santiago de Compostela	696	1.184.060,46
Cospeito	10	9.600,00	Sanxenxo	45	65.213,12

AXUDAS AO ALUGUEIRO					
CONCELLO	NÚMERO AXUDAS	IMPORTE €	CONCELLO	NÚMERO AXUDAS	IMPORTE €
Cotobade	3	3.760,00	Sarria	44	43.019,82
Covelo	1	1.100,00	Silleda	33	36.136,63
Crecente	1	1.920,00	Soutomaior	62	75.472,80
Culleredo	246	405.140,91	Taboada	1	1.134,00
Cuntis	32	37.830,32	Teo	41	75.255,06
Curtis	23	22.844,78	Toén	1	3.000,00
Esgos	2	7.560,00	Tomiño	28	38.795,56
Fene	48	62.210,64	Trazo	2	2.928,00
Ferrol	335	489.694,54	Tui	116	152.250,51
Forcarei	5	4.258,75	Val do Dubra	4	4.269,21
Foz	54	58.287,44	Valdoviño	2	2.640,00
Friol	6	8.048,00	Vedra	2	2.100,00
Ribadeo	2	5.760,00	Verín	51	68.843,00
Gondomar	42	69.483,42	Viana do Bolo	1	4.424,00
Guitiriz	14	13.585,22	Vigo	3.213	5.545.931,13
Illa de Arousa	4	5.712,00	Vila de Cruces	3	4.224,00
Lalín	138	148.091,85	Vilaboa	18	23.533,30
Láncara	3	8.112,00	Vilagarcía de Arousa	144	194.137,19
Laxe	12	14.659,00	Vilalba	58	65.997,73
Leiro	1	720	Vilamartín de Valdeorras	1	4.800,00
Lourenzá	4	6.600,00	Vilanova de Arousa	37	51.522,05
Lugo	876	1.231.916,89	Vilar de Santos	2	2.760,00
Maceda	5	3.444,00	Vilardevos	1	2.400,00
Marín	159	258.880,65	Vilarmaior	1	1.440,00
Mazaricos	2	4.940,00	Vilasantar	1	1.500,00
Meaño	9	12.802,58	Vimianzo	21	19.876,65
Meira	5	3.371,55	Viveiro	105	131.104,67
Meis	16	19.804,08	Xinzo de Limia	68	84.440,48
Melide	18	24.652,40	Xove	1	1.680,00
Mesía	3	2.160,00	Zas	2	2.880,00
Miño	20	28.595,04			
TOTAL				14.750	22.892.218,05

En 2020, coa pandemia de Covid-19, creouse ao amparo do Plan 2018-2021, una liña específica de axudas para axudas ás persoas en situación de vulnerabilidade a causa da mesma.

Podían ser beneficiarias destas axudas as persoas físicas maiores de idade que na data da presentación da solicitude cumpriran os seguintes requisitos:

- Ter a nacionalidade española ou residir legalmente en España, no caso de estranxeiras.
- Ser titulares, como inquilinos, dun contrato de alugamento de vivenda situado en Galicia cunha duración mínima dun ano.

c) Estar empadroadas na vivenda obxecto do contrato de alugamento á data da presentación da solicitude, tanto a persoa solicitante como a súa unidade familiar.

d) Estar ao día do pagamento da renda do alugueiro dos tres últimos meses inmediatamente anteriores ao primeiro mes para o que se solicita a axuda, agás que o contrato tivese unha vixencia inferior.

e) Estar en situación de vulnerabilidade económica como consecuencia do COVID-19:

- Que o solicitante pase a estar en situación de desemprego, ERTE, redución de xornada, cesamento de actividade ou perda substancial de ingresos a partir do 14 de marzo de 2020.
- Que os ingresos netos da unidade familiar no mes anterior á solicitude sexan inferiores a 3, 4 ou 5 veces o IPREM en función das circunstancias concorrentes na unidade familiar.
- Que a renda e os gastos e subministracións básicas do mes anterior á solicitude da axuda sexan superiores ou iguais ao 35% dos ingresos netos que perciba o conxunto dos membros da unidade familiar.

f) Non ser propietario ou usufrutuario dalgunha vivenda en España, agás as excepcións previstas nas bases reguladoras.

g) Non ter parentesco en primeiro ou segundo grao de consanguinidade ou de afinidade arrendador da vivenda ou ser socias ou partícipes da persoa física ou xurídica que actúe como arrendadora

A contía desta axuda é de ata 500 € mensuais, sen que poda exceder do importe da renda do contrato, durante un período máximo de 6 meses consecutivos.

Concedeuse a axuda a todos os solicitantes que cumprían os requisitos, acadando a cifra de 1.091, por un importe de preto de 2,3 millóns de euros, tal como se detalla no seguinte cadro.

AXUDAS AO ALUGUEIRO COVID-19					
CONCELLO	NÚMERO AXUDAS	IMPORTE €	CONCELLO	NÚMERO AXUDAS	IMPORTE €
Abegondo	2	3.180	Ribadeo	10	15.035
Ames	31	60.025	Sarria	3	4.980
Ares	1	1.524	O Valadouro	1	1.500
Arteixo	30	52.458	Vilalba	1	1.620
Betanzos	4	7.650	Viveiro	8	13.492,28
Brión	6	13.590	Burela	3	4.016,80
Camariñas	1	2.100	Allariz	4	8.400
Cambre	17	33.217,18	Amoeiro	1	1.800
Carballo	7	10.930	Barbadás	8	18.690
Carral	1	960	O Barco de Valdeorras	2	2.610
Cee	2	3.900	O Carballiño	4	7.410
A Coruña	159	377.068,61	Celanova	1	1.650
Culleredo	23	53.916,70	Esgos	1	3.000
Fene	1	1.650	Xinzo de Limia	6	10.640
Ferrol	7	14.200	Maceda	1	648
Laxe	1	1.375	A Merca	1	1.800
A Laracha	4	6.505,20	Ourense	97	201.667,56
Melide	1	1.100	Paderne de Allariz	1	1.680
Miño	2	6.000	O Pereiro de Aguiar	5	11.700
Mugardos	3	3.721,85	Ribadavia	2	4.080
Narón	7	12.510,78	A Rúa	1	900
Negreira	8	11.130	San Cibrao das Viñas	1	1.400
Noia	3	4.760	Toén	1	3.000
Oleiros	24	53.590	A Veiga	1	1.250
Ordes	1	1.680	Verín	3	4.800
Padrón	3	4.575	Baiona	3	6.100,64
O Pino	1	1.750	Bueu	3	4.980
A Pobra do Caramiñal	1	1.650	Caldas de Reis	5	11.280
Ribeira	5	8.900	Cangas	8	17.170
Sada	11	22.402,40	A Cañiza	2	3.240
Santiago de Compostela	94	198.084,34	Catoira	1	1.800
Teo	8	14.660,40	Cotobade	1	1.840
Valdoviño	1	1.200	Covelo	1	1.100
Val do Dubra	1	1.489,08	Cuntis	2	1.950
Vedra	1	900	A Estrada	9	16.340
Barreiros	1	1.050	Gondomar	3	6.042
Castroverde	1	2.850	O Grove	2	3.550
Chantada	5	8.850	A Guarda	1	1.500
Foz	1	1.800	Lalín	4	5.720
Lourenzá	1	1.200	Marín	6	14.250
Lugo	38	74.010,60	Moaña	2	4.147
Meira	1	2.100	Mondariz-Balneario	1	1.120
Mondoñedo	1	1.620	Nigrán	2	5.400
Monforte de Lemos	4	7.650	Oia	1	2.124
Pol	2	2.540	Pontevedra	44	103.344
A Pobra do Brollón	1	1.020	O Porriño	11	19.640
Poio	3	6.625	Soutomaior	7	13.470
Ponteareas	8	14.680	Tomiño	3	7.500
Pontecesures	2	3.850	Tui	4	6.355
Redondela	9	16.515	Vigo	220	519.093,12

AXUDAS AO ALUGUEIRO COVID-19					
Ribadumia	1	825	Vilaboa	3	5.702,50
Salceda de Caselas	7	12.280	Vilagarcía de Arousa	7	12.829,72
Sanxenxo	4	8.590	Vilanova de Arousa	5	8.870,22
Silleda	1	1.350			
TOTAL				1.091	2.297.986,98

Ademais, mantívose o **programa Aluga**, que no momento de aprobación do Plan RehaVita xa estaba derogado, para atender aos contratos vixentes ata a súa extinción. A este programa destináronse durante o período 2.068.045 € dos que se aboaron 1.478.108 €.

Cabe salientar que os beneficiarios do programa Aluga foron incluídos entre as persoas con dereito a obter o Bono de alugueiro social sempre que cumprisen os requisitos establecidos.

Tamén, para destinar a colectivos con maior dificultade de acceso, Galicia foi unha das primeiras comunidades autónomas en asinar un convenio coa *Sociedad de Gestión de Activos Procedentes de la Reestructuración Bancaria* (Sareb) polo que esta entidade puxo a disposición do IGVS vivendas da súa propiedade para alugueiro social. O convenio, asinado por un período inicial de catro anos, foi renovado, polo que o IGVS continúa dispoñendo das vivendas cedidas despois do remate do Plan RehaVita.

Da mesma maneira, asináronse convenios con entidades financeiras para a cesión de vivendas ao IGVS para a súa adxudicación en réxime de alugueiro social. Así asináronse convenios con Abanca, Caixa Rural, Banco de Sabadell e Caixabank. As entidades mencionadas puxeron 178 vivendas a disposición do IGVS.

Estas vivendas destináronse aos colectivos máis vulnerables e por iso están recollidas no Eixo 3.

Como instrumento para facilitar a posta no mercado do alugueiro de vivendas e coa finalidade de destinar unha parte delas aos colectivos con máis necesidade de protección, o IGVS en colaboración coa Fegamp, e no marco da Nova Axenda Social de Galicia, puxo en marcha o **programa de vivendas baleiras**. A súa implantación realizouse a través dun convenio entre o IGVS e a Fegamp asinado o 3 de maio de 2016.

En cumprimento de dito compromiso, a Xunta aprobou e puxo en marcha o programa como un instrumento a disposición dos concellos interesados para conseguir que vivendas desocupadas se destinaran ao alugueiro a prezo reducido, dando preferencia de acceso ás familias con máis dificultades.

Na aplicación práctica do programa hai dúas administracións implicadas:

- A Xunta de Galicia
- Os concellos adheridos ao programa

A Xunta ofrecía aos propietarios as necesarias garantías xurídicas e económicas, a través dos seguros de impago do alugueiro e multirrisco do fogar subscritos e financiados pola Xunta de Galicia, e asistencia xurídica, todo elo sen custe para os concellos.

Co obxectivo de incentivar aínda máis aos propietarios de vivendas baleiras, o IGVS creou o **Programa Rehaluga** (que non estaba previsto na Nova Axenda Social de Galicia), a través do cal os propietarios podían acceder a axudas de ata 8.000 € para rehabilitación e mantemento das vivendas incluídas no Programa de Vivendas Baleiras. Con cargo a este programa aboáronse 61.922 € no período.

Ademais, de xeito complementario, os inquilinos podían obter a axuda da Xunta de Galicia a través do **Bono de Alugueiro Social** para o pagamento da renda mensual, xa que os colectivos aos que pretenden dar cobertura ambos programas son coincidentes. En todo caso, no programa establécense **uns prezos máximos de renda en función da localidade** o que supón unha maior facilidade de acceso para os demandantes de vivenda e un control da inflación dos prezos de alugueiro

Tratábase, polo tanto, dun instrumento a disposición dos concellos para a mobilización de vivendas baleiras con destino ao alugueiro. Aos concellos correspondíalles establecer as condicións do programa no seu territorio (de acordo co IGVS), a captación de vivendas e a súa adxudicación en réxime de alugueiro.

A falta de implicación dos principais concellos de Galicia, e de forma moi especial, das cidades nas que se concentra a demanda, fixo que os

resultados obtidos non foran os desexados, inda que o programa ofrecía unhas prestacións iguais ou mellores que os postos en marcha por calquera outra comunidade autónoma ou por moitas cidades do resto de España.

Un total de 75 concellos adheríronse ao programa.

CONCELLOS ADHERIDOS AO PROGRAMA DE VIVENDAS BALEIRAS			
A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA
Abegondo	O Incio	Ourense	Redondela
Arteixo	Quiroga	O Barco de Valdeorras	Gondomar
Betanzos	A Pobra do Brollón	Rubiá	Ponteareas
Cambre	Guitiriz	A Gudiña	A Illa de Arousa
Sada	Mondoñedo	Castrelo de Miño	Baiona
Ares	Monforte de Lemos	Entrimo	Pontecesures
Mugardos	Trabada	Baltar	Lalín
Porto do Son	Viveiro	A Peroxa	Marín
Rianxo	Outeiro de Rei	Xinzo de Limia	Vilagarcía de Arousa
Ribeira	Folgoso do Courel	Vilariño de Conso	Ribadumia
Carballo	Alfoz	A Veiga	Cangas
Curtis	A Pastoriza	Bande	As Neves
Santiago de Compostela	Castro de Rei	Riós	Pontedevea
Ames		Cartelle	Moaña
Negreira		Cenlle	Arbo
Teo		Cortegada	A Guarda
Boiro		Porqueira	A Cañiza
Vedra		San Xoán de Río	Oia
Pontedeume			
Culleredo			
Ordes			
Vilasantar			
Miño			
Santiso			
Cabana de Bergantiños			
Cerceda			

Os concellos que incorporaron vivendas ao programa de vivendas baleiras foron os seguintes:

CONCELLO	NÚMERO DE VIVENDAS
Ames	4
Boiro	1
Monforte de Lemos	7
O Barco de Valdeorras	4
Ourense	5
Marín	4
TOTAL	25

Conclusións

Desta maneira, o IGVS actuou na posta a disposición de vivendas de titularidade pública tanto do propio IGVS como impulsando a participación dos concellos. Desenvolveu solo para a construción de vivenda protexida que puxo a disposición dos promotores e cooperativas, implantou programas de mobilización de vivendas baleiras tanto de particulares como de entidades financeiras, impulsou a construción de vivendas de promoción privada para alugueiro e concedeu axudas a ao alugamento e á adquisición para aquelas persoas con máis dificultade de acceso.

Así, fronte a un total de 12.967 actuacións previstas, executáronse 16.937, é dicir, 3.970 máis das planeadas, o que supón que o número de familias ou unidades de convivencia beneficiadas polas axudas e actuacións deste eixe supoñen preto dun 31 por cento máis das que se prevían no plan.

En total, o grado de cumprimento das actuacións previstas no Eixo 1 acadaron o 130,62% das previstas.

EIXO 2. REHABILITACIÓN DE VIVENDAS E RENOVACIÓN URBANA

O Eixo 2 desenvólvese a través de 4 programas e as súas respectivas accións:

- **Programa 1. A rehabilitación illada**
 - Acción 1. Axudas para rehabilitación en conxuntos históricos, núcleos rurais, remate de fachadas e Camiños de Santiago.
 - Acción 2. Xestión das axudas dos programas de fomento da rehabilitación edificatoria e de apoio á implantación do informe de avaliación dos edificios do plan 2013-2016
- **Programa 2. Rehabilitación directa polo IGVS**
 - Rehabilitación pública de vivendas
 - Reparación de vivendas de promoción pública

- **Programa 3. Áreas de rehabilitación integral**
- **Programa 4. Outras actuacións de rehabilitación**
 - Acción 1. Axudas á mellora da eficiencia enerxética con fondos Feder
 - Acción 2. Actuacións a través do Consorcio do Casco Vello de Vigo
 - Acción 3. Outras medidas de apoio á rehabilitación orientadas a fomentar a cultura da rehabilitación.

ACTUACIÓNS	PREVISTO NO PLAN	EXECUTADO	% DE EXECUCIÓN
Axudas autonómicas concedidas para a rehabilitación illada (nº) ¹	4.088	2.977	72,82
Vivendas en edificios obxecto de rehabilitación illada do plan estatal (nº) ²	4.340	23.042	530,92
Axudas concedidas para o informe de avaliación de edificios (nº)	8.200	3.091	37,70
Vivendas licitadas para rehabilitación de promoción pública (nº) ³	120	132	110,00
Vivendas reparadas (nº) ⁴	459	1.705	371,46
Vivendas con axudas concedidas (nº) ⁵	667	2.739	410,64
Vivendas en edificios rehabilitados no programa de Áreas de Rehabilitación Integral (nº)	7.432	9.370	126,08
Vivendas en edificios con aforro enerxético (nº) ⁶	2.700	2.789	103,30
TOTAL	28.006	45.854	163,70

1. Accesibilidade autonómica, rehabilitación rural e conxuntos históricos, incendios, explosión Tui

2 Rehabilitación do plan de vivenda (Renove, conservación, seguridade e accesibilidade)

3 Programa Rexurbe

4 Vivendas de promoción pública reparadas polo IGVS


5 Axudas a comunidades de propietarios de vivendas de promoción pública

6 Rehabilitación do plan de vivenda (eficiencia enerxética)

INDICADOR ORZAMENTO	PREVISTO NO PLAN M€	EXECUTADO M€	% DE EXECUCIÓN
PROGRAMA 1. Rehabilitación illada	42,15	65,14	154,54
PROGRAMA 2. Rehabilitación directa polo IGVS	22,47	25,2	112,15
PROGRAMA 3. Areas de Rehabilitación Integral	59,45	76,40	128,51
PROGRAMA 4. Outras actuacións de rehabilitación	9,75	14,45	148,21
TOTAL	133,82	181,19	135,40


Eixo 2. REHABILITACIÓN DE VIVENDAS E RENOVACIÓN URBANA

Actuacións



Eixo 2. REHABILITACIÓN DE VIVENDAS E RENOVACIÓN URBANA

Orzamento M€



Programa 1. A rehabilitación illada

ACTUACIÓN NO PROGRAMA		
	IMPORTE €	VIVENDAS
Rehabilitación edificatoria 2013-2016	5.379.689,00	2.377
Accesibilidade autonómica	3.358.834,00	1.587
Subvencións VPP	3.483.770,00	2.739
Rehabilitación con fondos Feder	3.110.078	250
Rehabilitación rural e conxuntos históricos	6.358.118,00	1.198
Programa Renove	3.397.183,00	9.926
Conservación e accesibilidade 2018-2021	24.441.184,99	10.739
Informe de avaliación do edificio	54.958,00	3.091
Eficiencia enerxética plan 2018-21	9.856.708,50	2.789
Axudas polos incendios de outubro de 2017	2.661.146,05	70
Axudas pola explosión de Paramos (Tui)	3.040.918,71	122
TOTAL	65.142.588,25	34.888

Rehabilitación edificatoria

Durante a vixencia do Plan RehaVita, executáronse as axudas de rehabilitación edificatoria correspondentes tanto ao plan de vivenda 2013-2016 como ao posterior plan 2018-2021, sendo necesario polo tanto adaptar as liñas de axudas ás características e condicionantes de cada un deles.

O Plan Estatal de vivenda 2013-2016 (prorrogado ata 2018) foi aprobado polo Real Decreto 233/2013, do 5 de abril, polo que se regula o Plan Estatal de fomento do aluguer de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas 2013-201. En base a este plan concedéronse as seguintes axudas:

- Programa de fomento da rehabilitación edificatoria. Este programa tiña por obxecto o financiamento da execución de obras e traballos de mantemento e intervención nas instalacións fixas e equipamento propio, así como nos elementos e espazos privativos comúns, dos edificios de tipoloxía residencial colectiva construídos antes de 1981.

Con cargo a este programa concedéronse no período axudas a 2.377 vivendas por importe de 5.378.466,03 €.

PROGRAMA DE FOMENTO DA REHABILITACIÓN EDIFICATORIA			
CONCELLO	NÚMERO AXUDAS	NÚMERO VIVENDAS	IMPORTE AXUDAS €
A Capela	1	14	24.246,44
A Coruña	50	781	1.774.986,02
As Pontes de García Rodríguez	5	20	58.471,17
Betanzos	1	5	46.691,89
Boiro	1	8	28.936,84
Fene	1	23	95.518,55
Ferrol	5	36	54.463,04
Miño	1	16	32.181,82
Narón	4	30	96.269,77
Oleiros	2	16	43.400,00
Ribeira	4	44	60.435,05
Santiago de Compostela	5	78	138.444,78
Burela	2	20	45.623,45
Lugo	25	183	556.263,99
Monforte de Lemos	1	4	16.000,00
Vilalba	1	5	14.311,00
Viveiro	1	6	24.000,00
O Carballiño	1	4	24.029,78
Ourense	46	409	957.037,78
Xinzo de Limia	1	8	16.300,00
Bueu	1	3	19.221,54
Cambados	1	2	8.000,00
Cangas	2	32	65.568,61
Marín	4	67	114.892,98
O Porriño	1	12	31.837,74
Poio	1	3	12.000,00
Pontevedra	11	177	424.485,89
Redondela	2	25	60.815,50
Vigo	20	261	386.630,31
Vilagarcía de Arousa	6	85	147.402,09
TOTAL	207	2.377	5.378.466,03

- Programa de apoio á implantación do informe de avaliación dos edificios. Este programa tiña por obxecto impulsar a implantación e xeneralización dun informe de avaliación dos edificios que inclúa análises das condicións de accesibilidade, eficiencia enerxética e estado de conservación dos edificios mediante unha subvención que inclúa os gastos de honorarios profesionais para a súa emisión. Con

cargo a este programa concedéronse 185 axudas a 3.091 vivendas por importe de 54.958 €.

INFORME DE AVALIACIÓN DOS EDIFICIOS			
CONCELLO	NÚMERO AXUDAS	NÚMERO VIVENDAS	IMPORTE AXUDAS €
A Baña	1	8	200
A Coruña	51	1.042	16.832
Ares	2	28	700
Boiro	1	36	500
Carballo	1	20	460
Fene	1	15	380
Ferrol	8	113	2.060
Miño	1	4	120
Ordes	1	8	200
Ortigueira	1	14	420
Padrón	1	9	240
Pontevedra	1	28	500
Ribeira	3	47	1.080
Santiago de Compostela	16	190	4.107
Burela	1	8	260
Lugo	18	403	5.110
Mondoñedo	1	4	100
Monforte de Lemos	1	4	120
Palas de Rei	1	6	200
Vilalba	1	2	40
Viveiro	4	122	1.505
A Pobra de Trives	2	20	400
Ourense	27	382	6.775
A Estrada	2	26	680
Caldas de Reis	1	13	440
Marín	10	169	3.580
Poio	1	18	400
Pontevedra	13	155	3.125
Vigo	8	131	2.765
Vilagarcía de Arousa	5	66	1.660
TOTAL	185	3.091	54.958

- Ademais, concedéronse axudas con cargo ao programa Renove que viña do plan anterior pero que se habilitou a posibilidade de realizar concesións no ano 2015. As axudas do programa Renove do Plan de Vivenda 2012-2015 destinábanse á realización de actuacións de mellora e rehabilitación en edificios e vivendas co obxectivo de mellorar a súa eficiencia enerxética, garantir a seguridade e

estanquidade dos edificios e mellorar a accesibilidade. Concedéronse axudas a 9.926 vivendas por importe de 3.397.183 €.

PROGRAMA RENOVE. GALICIA	
PROVINCIA	NÚMERO DE VIVENDAS
A Coruña	4.654
Lugo	1.757
Ourense	1.225
Pontevedra	2.290
TOTAL	9.926

PROGRAMA RENOVE. A CORUÑA					
CONCELLO	Nº VIVENDAS	CONCELLO	Nº VIVENDAS		
A Coruña	2.534	Culleredo	92	Oleiros	243
Ames	91	Dumbria	1	Ordes	2
Aranga	1	Fene	65	Oroso	18
Ares	24	Ferrol	527	Padrón	3
Arteixo	25	Fisterra	23	Ponteceso	10
As Pontes de García Rodríguez	93	Frades	11	Pontedeume	8
Bergondo	1	Laxe	17	Ribeira	63
Betanzos	36	Miño	46	Sada	1
Boiro	13	Muros	13	Santiago de Compostela	294
Cambre	23	Muxía	1	Santiso	26
Carballo	19	Narón	175	Teo	66
Cedeira	1	Neda	14	Valdoviño	1
Cerceda	12	Negreira	4	Vilamaior	1
Cesuras	1	Noia	52	Zas	1
Corcubión	1	O Pino	1		
TOTAL			4.654		

PROGRAMA RENOVE. LUGO					
CONCELLO	Nº VIVENDAS	CONCELLO	Nº VIVENDAS		
A Fonsagrada	6	Chantada	3	Outeiro de Rei	1
A Pastoriza	1	Cospeito	1	Portomarín	1
A Pontenova	1	Foz	211	Quiroga	3
Abadín	2	Friol	3	Ribadeo	289
Baleira	1	Guitiriz	1	Ribas de Sil	1

PROGRAMA RENOVE. LUGO					
CONCELLO	Nº VIVENDAS	CONCELLO	Nº VIVENDAS		
Barreiros	1	Lourenzá	13	Riotorto	4
Becerreá	1	Lugo	1.011	Sarria	1
Burela	40	Mondoñedo	1	Sober	1
Castro de Rei	20	Monforte de Lemos	88	Triacastela	1
Castroverde	1	O Corgo	2	Vilalba	27
Cervo	1	O Vicedo	1	Viveiro	18
TOTAL			1.757		

PROGRAMA RENOVE. OURENSE					
CONCELLO	Nº VIVENDAS	CONCELLO	Nº VIVENDAS		
A Rúa	10	Montederramo	5	Ribadavia	3
Allariz	16	O Barco de Valdeorras	51	San Amaro	1
Amoeiro	1	O Carballiño	47	Verín	53
Bande	1	O Pereiro de Aguiar	1	Viana do Bolo	8
Barbadás	9	Os Blancos	1	Vilamartín de Valdeorras	1
Cartelle	2	Ourense	1.000	Xinzo de Limia	3
Laza	10	Punxín	2		
TOTAL			1.225		

PROGRAMA RENOVE. PONTEVEDRA					
CONCELLO	Nº VIVENDAS	CONCELLO	Nº VIVENDAS		
A Estrada	20	Nigrán	14	Pontevedra	283
A Guarda	1	O Grove	1	Sanxenxo	55
Bueu	5	O Porriño	1	Tui	13
Cangas	1	Poio	1	Vigo	1.557
Marín	49	Pontecesures	5	Vilagarcía de Arousa	284
TOTAL			2.290		

O Plan Estatal de vivenda 2018-2021, regulado polo Real decreto 106/2018, do 9 de marzo (BOE do 10 de marzo), ven a substituír ao plan anterior. En base a este Plan concedéronse as seguintes axudas:

- Programa de fomento da eficiencia enerxética e sostibilidade en vivenda. Este programa tiña por obxecto o financiamento de obras para a mellora da eficiencia enerxética e da sostibilidade dos edificios de vivendas, das súas vivendas e das vivendas unifamiliares. As actuacións subvencionables estaban dirixidas a reducir a demanda enerxética da edificación ou a mellorar a súa eficiencia.

- Programa de fomento da conservación, mellora da seguridade da utilización e da accesibilidade. Este programa tiña por obxecto o financiamento da execución de obras para a conservación, a mellora da seguridade de utilización e da accesibilidade das vivendas, tanto en edificios de tipoloxía residencial colectiva e nas súas vivendas, así como en vivendas unifamiliares illadas ou agrupadas en fila, xa sexan rurais ou urbanas. As actuacións subvencionadas estaban dirixidas a emendar deficiencias relativas ao estado de conservación da cimentación, estrutura e instalacións, así como das cubertas, azoteas e fachadas. Tamén inclúen as instalacións de ascensores, salvaescaleiras, ramplas e outros dispositivos de accesibilidade, etc.

Con cargo ao programa de fomento da eficiencia enerxética e sostibilidade en vivenda e ao programa de fomento da conservación, mellora da seguridade da utilización e da accesibilidade concedéronse 13.528 axudas por importe de preto de 34,3 millóns de euros.

EFICIENCIA ENERXÉTICA. CONSERVACIÓN, SEGURIDADE E ACCESIBILIDADE GALICIA		
PROVINCIA	NÚMERO DE VIVENDAS	IMPORTE AXUDA €
A Coruña	5.059	12.954.678,62
Lugo	2.323	5.520.017,53
Ourense	2.123	5.727.007,22
Pontevedra	4.023	10.096.190,12
TOTAL	13.528	34.297.893,49

EFICIENCIA ENERXÉTICA. CONSERVACIÓN, SEGURIDADE E ACCESIBILIDADE A CORUÑA					
CONCELLO	Nº VIVENDAS	IMPORTE DA AXUDA €	CONCELLO	Nº VIVENDAS	IMPORTE DA AXUDA €
A Capela	15	27.246,44	Malpica de Bergantiños	14	82.705,65
A Coruña	3.363	7.926.988,77	Mazaricos	10	35.256,17
A Laracha	4	25.325,10	Melide	6	40.578,67
A Pobra do Caramiñal	28	133.858,79	Mesía	1	1.693,24
Abegondo	2	14.945,20	Miño	17	35.181,82
Ames	1	8.000,00	Mugardos	1	13.723,91
Aranga	3	17.962,50	Muros	1	3.000,00
Ares	1	9.162,14	Narón	97	232.641,84
Arteixo	89	428.503,25	Neda	1	12.000,00
As Pontes de García Rodríguez	57	184.459,39	Noia	138	305.405,19
Bergondo	3	11.840,69	Oleiros	96	273.461,55
Betanzos	48	146.859,83	Ordes	25	81.274,11
Boiro	33	155.220,38	Oroso	12	66.976,56
Boqueixón	1	3.000,00	Ortigueira	2	6.000,00

EFICIENCIA ENERXÉTICA. CONSERVACIÓN, SEGURIDADE E ACCESIBILIDADE A CORUÑA					
CONCELLO	Nº VIVENDAS	IMPORTE DA AXUDA €	CONCELLO	Nº VIVENDAS	IMPORTE DA AXUDA €
Brión	1	3.000,00	Outes	2	18.045,00
Camariñas	3	9.242,50	Oza-Cesuras	3	16.870,98
Cambre	70	239.760,39	Paderne	2	12.450,15
Carballo	64	299.576,22	Padrón	1	5.423,02
Cariño	67	32.511,31	Pontedeume	7	35.326,66
Carnota	1	7.408,76	Porto do Son	16	69.766,43
Carral	2	25.000,00	Rianxo	4	27.000,00
Cedeira	18	67.608,76	Ribeira	128	218.175,76
Cee	3	4.864,63	Rois	2	6.000,00
Cerceda	1	8.962,50	Sada	7	47.946,18
Cerdido	2	8.024,00	Santa Comba	1	3.000,00
Corcubión	17	34.490,89	Santiago de Compostela	187	486.931,54
Coristanco	2	4.561,37	Santiso	6	24.447,60
Culleredo	12	31.212,46	Sobrado	6	21.503,86
Curtis	20	74.893,94	Teo	28	91.046,60
Fene	44	146.206,09	Tordoia	1	8.388,57
Ferrol	190	384.190,08	Trazo	2	6.000,00
Fisterra	19	34.908,29	Val do Dubra	2	15.000,00
Frades	1	3.000,00	Vilarmajor	2	5.845,40
Laxe	1	2.693,18	Vimianzo	21	54.436,15
Lousame	4	33.636,94	Zas	20	42.051,22
TOTAL				5.059	12.954.678,62

EFICIENCIA ENERXÉTICA. CONSERVACIÓN, SEGURIDADE E ACCESIBILIDADE LUGO					
CONCELLO	Nº VIVENDAS	IMPORTE DA AXUDA €	CONCELLO	Nº VIVENDAS	IMPORTE DA AXUDA €
A Fonsagrada	3	9.750,00	Monforte	138	357.988,05
A Pastoriza	7	21.000,00	Monterroso	1	3.000,00
A Pobra do Brollón	5	24.090,71	Navia de Suarna	2	6.000,00
A Pontenova	6	33.666,47	O Corgo	8	41.290,26
Abadín	3	9.000,00	O Incio	4	13.452,50
Antas de Ulla	8	14.580,26	O Valadouro	34	131.287,80
Baleira	3	33.000,00	O Vicedo	3	14.636,07
Baralla	6	27.706,08	Ourense	11	60.754,91
Barreiros	1	3.000,00	Outeiro de Rei	2	6.000,00
Becerreá	2	5.722,50	Palas de Rei	1	3.000,00
Begonte	5	35.356,93	Pantón	3	12.315,82
Bóveda	4	23.424,40	Paradela	1	3.000,00
Burela	155	236.404,03	Pedrafita do Cebreiro	2	14.747,20
Carballedo	1	3.000,00	Pol	2	9.752,60
Castro de Rei	2	6.000,00	Quiroga	1	12.000,00
Castroverde	3	11.613,12	Rábade	15	11.433,14
Cervo	4	31.000,00	Ribadeo	96	130.807,45
Chantada	4	27.000,00	Ribas de Sil	5	35.259,72
Cospeito	4	10.388,00	Riotorto	3	11.813,25

Folgo do Courel	3	7.340,25	Samos	2	6.000,00
Foz	31	107.247,99	Sarria	31	61.201,16
Friol	2	11.750,00	Sober	3	20.000,00
Guitiriz	23	47.780,78	Taboada	11	42.085,00
Guntín	2	11.000,00	Trabada	8	28.142,45
Láncara	3	7.890,00	Triacastela	1	8.000,00
Lourenzá	2	11.000,00	Vilalba	64	131.451,14
Lugo	1.552	3.471.430,53	Viveiro	14	64.634,75
Meira	6	19.134,71	Xermade	4	12.000,00
Mondoñedo	2	6.000,00	Xove	1	1.687,50
TOTAL				2.323	5.520.017,53

EFICIENCIA ENERXÉTICA. CONSERVACIÓN, SEGURIDADE E ACCESIBILIDADE OURENSE					
CONCELLO	Nº VIVENDAS	IMPORTE DA AXUDA €	CONCELLO	Nº VIVENDAS	IMPORTE DA AXUDA €
A Rúa	2	17.312,73	Ourense	1.703	4.355.938,38
A Veiga	2	7.000,00	Padrenda	1	3.000,00
Allariz	24	52.128,24	Parada de Sil	3	22.500,00
Amoeiro	1	3.000,00	Rairiz de Veiga	2	29.421,50
Barbadás	25	76.829,17	Ribadavia	28	32.352,60
Carballeda de Valdeorras	1	5.475,00	Riós	1	3.000,00
Celanova	12	43.527,14	San Cibrao das Viñas	1	5.991,44
Coles	3	31.263,60	Taboadela	1	7.057,80
Cualedro	1	3.000,00	Toén	2	4.764,68
Entrimo	1	8.964,00	Verea	1	3.750,00
Maside	9	89.785,19	Verín	19	57.899,66
Melón	1	5.808,11	Viana do Bolo	15	58.557,13
Nogueira de Ramuín	2	7.938,00	Vilamartín de Valdeorras	1	3.000,00
O Barco de Valdeorras	106	159.862,40	Vilar de Barrio	1	12.000,00
O Carballiño	46	223.518,48	Vilar de Santos	1	5.797,50
O Irixo	1	3.000,00	Vilariño de Conso	1	3.000,00
O Pereiro de Aguiar	2	15.000,00	Xinzo de Limia	103	365.564,47
TOTAL				2.123	5.727.007,22

EFICIENCIA ENERXÉTICA. CONSERVACIÓN, SEGURIDADE E ACCESIBILIDADE PONTEVEDRA					
CONCELLO	Nº VIVENDAS	IMPORTE DA AXUDA €	CONCELLO	Nº VIVENDAS	IMPORTE DA AXUDA €
A Cañiza	8	7.287,50	Mos	5	51.368,73
A Estrada	5	27.636,00	Nigrán	22	81.497,80
A Guarda	17	86.132,08	O Grove	45	126.980,94
A Illa de Arousa	2	14.042,11	O Porriño	41	125.435,28
Agolada	2	10.794,49	O Rosal	3	28.533,72

EFICIENCIA ENERXÉTICA. CONSERVACIÓN, SEGURIDADE E ACCESIBILIDADE PONTEVEDRA					
CONCELLO	Nº VIVENDAS	IMPORTE DA AXUDA €	CONCELLO	Nº VIVENDAS	IMPORTE DA AXUDA €
Arbo	2	4.230,32	Oia	1	17.500,00
As Neves	1	17.000,00	Pazos de Borbén	11	115.369,87
Barro	1	18.000,00	Poio	18	77.118,19
Bueu	19	145.617,73	Ponte Caldelas	5	46.000,00
Caldas de Reis	3	11.685,26	Ponteareas	11	6.055,66
Cambados	9	42.129,20	Pontecesures	1	12.000,00
Campo Lameiro	4	44.000,00	Pontevedra	893	2.157.007,95
Cangas	139	384.489,63	Redondela	119	309.738,02
Catoira	2	13.527,31	Ribadumia	3	31.350,58
Cerdedo-Cotobade	1	3.000,00	Rodeiro	3	18.756,77
Covelo	3	24.084,14	Salceda de Caselas	2	11.745,77
Crecente	2	20.850,00	Salvaterra de Miño	18	19.426,37
Cuntis	4	24.211,60	Sanxenxo	8	36.717,03
Forcarei	1	3.000,00	Soutomaior	21	33.906,41
Fornelos de Montes	8	89.031,20	Tui	25	87.430,39
Gondomar	12	52.079,82	Valga	2	18.240,54
Lalín	32	120.856,02	Vigo	1.813	3.787.967,52
Marín	497	1.139.316,14	Vila de Cruces	1	12.000,00
Meaño	1	12.000,00	Vilaboa	4	21.000,00
Meis	2	7.903,31	Vilagarcía de Arousa	153	408.733,88
Moaña	3	27.000,00	Vilanova de Arousa	8	63.639,22
Moraña	7	40.765,62			
TOTAL				4.023	10.096.190,12

O plan estatal de vivenda, a diferenza do plan anterior, esixiu o cofinanciamento por parte das comunidades autónomas, minorando a achega estatal no suposto de que non se cofinanciara ou se fixera nunha porcentaxe inferior ao 30%.

Axudas autonómicas de accesibilidade

Co obxecto de impulsar e facilitar a adaptación das vivendas as necesidades das persoas residentes con limitacións de mobilidade e mellorar así a situación do noso parque residencial a Xunta de Galicia convocou nos anos 2107 e 2018 axudas autonómicas para incentivar a colocación de ascensores e outros dispositivos de accesibilidade, en

edificios de tipoloxía residencial colectiva, nas súas vivendas dúplex, así como nas vivendas unifamiliares, para favorecer o dereito á accesibilidade universal, no ámbito concreto da accesibilidade arquitectónica.

En base a este programa concedéronse axudas a 1.587 vivendas por importe de 3.358.534 €.

Estas axudas foron suprimidas unha vez que unha liña coa mesma finalidade foi incluída no plan estatal 2018-2021.

Podían ser beneficiarias destas axudas as comunidades de persoas propietarias, as persoas físicas propietarias únicas de edificios de vivendas, as persoas físicas propietarias dun dúplex nun edificio de tipoloxía residencial colectiva e as persoas físicas propietarias dunha vivenda unifamiliar.

Para o caso de vivenda dúplex nun edificio de tipoloxía residencial colectiva e de vivenda unifamiliar, esixíase que os ingresos ponderados da unidade de convivencia da persoa beneficiaria non excederan de 3,5 veces o indicador público de renda de efectos múltiples.

A contía das subvencións determinábase en función do número de vivendas da edificación e segundo a súa situación, de conformidade cos seguintes criterios:

a) Para as edificacións e vivendas sitas en ámbitos históricos e dos Camiños de Santiago:

1. Vivendas unifamiliares e dúplex: 60 % do gasto subvencionable, sen exceder os 4.500 euros.

2. Edificios de tipoloxía residencial colectiva cun número de vivendas igual ou inferior a 8: 60 % do gasto subvencionable, sen exceder os 35.000 euros.

3. Edificios de tipoloxía residencial colectiva cun número de vivendas superior a 8: 60 % do gasto subvencionable, sen exceder os 28.000 euros.

b) Para as edificacións e vivendas que non estean situadas en ámbitos históricos e dos camiños de Santiago:

1. Vivendas unifamiliares e dúplex: 60 % do gasto subvencionable, sen exceder os 2.500 euros.
 2. Edifícios de tipoloxía residencial colectiva cun número de vivendas igual ou inferior a 8: 60 % do gasto subvencionable, sen exceder os 25.000 euros.
 3. Edifícios de tipoloxía residencial colectiva cun número de vivendas superior a 8: 60 % do gasto subvencionable, sen exceder os 18.000 euros.
- c) En calquera caso, cando a actuación consista na instalación dun salvaescaleiras, a contía da subvención será dun 60 % do gasto subvencionable, sen que poida exceder os 1.000 euros, en caso de salvaescaleiras de cadeira, e os 2.000 euros, en caso de salvaescaleiras de plataforma.

Rehabilitación rural e conxuntos históricos

A Xunta de Galicia antes de que os plans estatais contemplaran as axudas para a rehabilitación de vivendas unifamiliares, dispoñía de un programa de axudas para o remate de fachadas e cubertas, rehabilitación e reconstrución de edificios e vivendas no ámbito rural, histórico e dos Camiños de Santiago.

O importe destas subvencións podía acadar o 50% do orzamento que figurase na resolución de cualificación definitiva, non podendo superar o límite máximo de 6.600 € para as actuacións de remate de fachadas, cubertas e rehabilitación e de 8.600 € para as actuacións de reconstrución.

Concedéronse axudas a 1.198 vivendas por importe de 6.358.118 de euros.

Axudas a comunidades de vivendas públicas

As comunidades de propietarios de vivendas de promoción pública, construídas polo IGVS, contan cada ano cun programa de axudas para a execución de obras de rehabilitación de elementos comúns das edificacións.

En base a este programa aboáronse axudas por importe de 3.439.038 € a un total de 2.739 vivendas.

AXUDAS A COMUNIDADES DE VIVENDAS DE PROMOCIÓN PÚBLICA					
CONCELLO	Nº VIVENDAS	IMPORTE €	CONCELLO	Nº VIVENDAS	IMPORTE €
A Coruña	184	485.652,33	Sarria	26	4.950,00
Ames	30	18.737,33	Taboada	16	17.678,24
Arteixo	24	49.308,72	Trabada	18	4.079,84
Betanzos	20	26.944,30	Vilalba	32	61.591,07
Cee	12	2.378,42	Celanova	24	71.494,39
Culleredo	30	72.738,05	Esgos	12	26.240,66
Ferrol	473	827.496,91	O Carballiño	76	101.884,68
Muxía	28	43.249,64	Ourense	203	216.608,34
Narón	30	38.725,39	Pobra de Trives	24	62.570,76
Ponteceso	9	45.000,00	A Estrada	87	98.621,58
Rianxo	24	8.712,00	Lalín	15	2.748,54
Sada	16	19.889,40	Mos	48	31.641,67
Santiago	108	59.924,14	Ponteareas	24	11.329,62
Alfoz	24	34.960,42	Pontevedra	149	189.714,82
Guitiriz	20	47.464,95	Redondela	9	22.226,69
Lugo	622	421.479,57	Salceda de Caselas	55	44.064,35
O Valadouro	20	10.592,34	Vigo	213	250.991,79
Outeiro de Rei	34	52.080,00			
TOTAL		2.739			3.483.770,95

Axudas en materia de vivenda para danos acusados polos incendios de outubro de 2017

Con motivo da vaga de incendios que se produciron en Galicia durante o mes de outubro do ano 2017, aprobáronse unha serie de medidas urxentes de axuda para a reparación de danos causados nas vivendas.

A) Subvencións para danos en vivendas

1.- Danos causados na vivenda que constituíse residencia habitual e permanente dos seus moradores.

O importe máximo das axudas neste caso podía acadar o 100% do valor de reparación ou reposición do inmovible danado, sen que en ningún caso o importe de dita axuda puidese superar o 75% do prezo máximo de venda dunha vivenda protexida de réxime xeral na mesma localidade.

O prazo máximo para a execución das obras era de dous anos, contados desde data da notificación da resolución de concesión.

VIVENDA HABITUAL		
Vivenda protección autonómica réxime xeral	Zona territorial I (subvención máxima)	Zona territorial II (subvención máxima)
Unifamiliar (ata 120 m ²)	1.212,80 módulo: 1.212,80 x120 = 145.536 € 75% = 109.152 €	1.099,10 módulo: 1.099,10x120 = 131.382 € 75% = 98.536 €
Vivenda en edificio colectivo (ata 90 m ²)	1.212,80x90 = 109.152€ 75% = 81.864 €	1.099,10x90 = 98.919 € 75% = 74.189 €

2.- Danos causados no resto das vivendas:

O importe máximo das axudas neste caso podía acadar ata o 40% do valor de reparación ou reposición do inmovible danado, sen que en ningún caso o importe de dita axuda poida superar o 40% do 75% do prezo máximo de venda dunha vivenda protexida de réxime xeral na mesma localidade. As vivendas debían dedicarse, cando mínimo, a residencia ocasional durante un tempo non inferior a quince días ao ano, quedando excluídas destas axudas as edificacións ruinosas ou que se atopasen en manifesto abandono.

VIVENDA NON HABITUAL		
Vivenda protección autonómica réxime xeral	Zona territorial I (subvención máxima)	Zona territorial II (subvención máxima)
Unifamiliar (ata 120 m ²)	109.152 x 40% = 43.660 €	98.536 x 40% = 39.414 €
Vivenda en edificio colectivo (ata 90 m ²)	81.864x40% = 32.745 €	74.189*40% = 29.675 €

3.- Para os efectos destas axudas incluíanse na vivenda as construcións anexas e instalacións complementarias da vivenda danada, e os elementos comúns no caso de comunidades de propietarios.

Entendíase como instalacións complementarias as construcións e equipamentos de apoio á economía e vida familiar tales como pozos, hórreos, alpendres, invernadoiros para autoconsumo, instalacións eléctricas e de iluminación, instalacións de telecomunicacións, etc. sempre e cando, estean emprazados no mesmo predio da vivenda.

A porcentaxe subvencionable destas construcións anexas, instalacións complementarias ou elementos comúns era do 100% do valor de reparación ou reposición no caso de estar asociadas á vivenda habitual danada, sen que en ningún caso, o importe máximo de axudas por este concepto supere os 3.000 euros.

4.- Eran igualmente obxecto de axudas os danos sufridos no enxoval doméstico de primeira necesidade, cando non estivesen incluídos nas axudas que para o mesmo efecto puidesen aprobar outras administracións ou calquera outro sistema de cobertura de danos. O importe da axuda era de ata o 100% dos gastos de reparación ou reposición. En calquera caso o importe da subvención por este concepto non podía ser superior aos 3.000 €.

B. Subvencións para alugamento dunha vivenda transitoria:

1. Subvencionouse o custo do alugamento dunha vivenda para residencia habitual e permanente para a unidade de convivencia que habitaba a vivenda danada, en canto esta non recuperase as súas condicións de habitabilidade. Ademais, concedeuse á persoa beneficiaria unha axuda complementaria, para o suposto da formalización dun contrato de alugueiro, a efectos de atender as obrigas derivadas da constitución de fianza e da alta en subministracións.

En base a este programa concedéronse axudas para a recuperación de 70 vivendas por importe de 2.661.146 € €.

PROVINCIA	CONCELLO	NÚMERO SOLICITUDES	NÚMERO AXUDAS CONCEDIDAS	IMPORTE TOTAL DAS AXUDAS CONCEDIDAS
Lugo	Cervantes	1	1	101.919,00
Ourense	Avión	1	1	3.000,00
	Carballada de Avia	79	31	1.066.930,35
	Leiro	4	3	64.080,44
	Melón	4	2	47.295,48
Pontevedra	Baiona	3	2	3.417,54
	Mondariz	1	1	101.919,00
	As Neves	28	20	583.088,44
	Nigrán	4	4	208.474,85
	Pazos de Borbén	14	7	65.178,00
	Ponteareas	3	3	6.650,00
	Ponte Caldelas	7	3	6.872,02
	Porriño	1	1	3.000,00
	Salceda de Caselas	4	1	316,00
	Salvaterra de Miño	19	17	166.099,98
	Soutomaior	2	2	19.917,33
	Vigo	15	11	212.987,62
Total Galicia		190	70	2.661.146,05

AXUDAS POR ALOXAMENTO PROVISIONAL. INCENDIOS DE OUTUBRO DE 2017		
CONCELLO	N.º DE SOLICITUDES	IMPORTE €
Pazos de Borbén	1	3.900
As Neves	5	13.908
Cervantes	1	4875
TOTAL	7	22.683

Axudas en materia de vivenda para danos causados pola explosión de material pirotécnico de Paramos en Tui (2018)

Para cubrir os danos causados nas vivendas e para facilitar o realoxamento dos residentes aprobouse a *ORDE do 5 de xuño de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de axudas destinadas a sufragar os gastos de aloxamento provisional e de reparación dos danos causados nas vivendas e no seu enxoval doméstico, derivados da explosión de material pirotécnico producida en Tui, o 23 de maio de 2018, con carácter plurianual*

Na orde prevense dous tipos de axudas para os afectados pola explosión de material pirotécnico de Paramos (Tui):

- Axudas para aloxamento provisional.
- Axudas para gastos en vivendas danadas e no seu enxoval doméstico.

1. Aloxamento provisional

Axudas destinadas a custear os gastos de alugamento dunha vivenda para o aloxamento provisional das persoas que tiveron que abandonar temporalmente as súas vivendas habituais.

Subvención para o custo mensual do alugamento da vivenda. A axuda mantívose mentres a vivenda danada non recuperou as condicións que permitan a súa ocupación. A duración máxima da axuda será de dous anos desde a formalización do contrato de alugueiro.

- Importe máximo: 450 euros ao mes.

Ademais se concede unha axuda complementaria para o suposto da formalización dun contrato de alugamento, para efectos de atender as obrigas derivadas da constitución de fianza e da alta en subministracións.

- Importe máximo da axuda complementaria: 600 euros.

2. Reparación de vivendas danadas e o seu enxoval doméstico.

Establécense axudas destinadas a sufragar os gastos de:

- Reposición e reparación dos danos nas vivendas e nas súas instalacións complementarias
- Danos no enxoval doméstico.

Podían beneficiarse as persoas físicas propietarias, usufrutuarias ou arrendatarias das vivendas danadas pola citada explosión.

Actuacións subvencionables

- Danos causados na vivenda que constituía a residencia habitual e permanente dos seus moradores.
- Danos causados nas restantes vivendas, que deberán dedicarse, cando menos, a residencia ocasional. Quedan excluídas destas axudas

as edificacións ruinosas ou que se atopasen en manifesto abandono antes da explosión.

- Danos causados nas construcións anexas e instalacións complementarias da vivenda danada.
- Entenderanse como instalacións complementarias as construcións e equipamentos de apoio á economía e vida familiar tales como pozos, hórreos, alpendres, invernadoiros para autoconsumo, instalacións eléctricas e de iluminación, instalacións de telecomunicacións, etc. sempre e cando estean localizados no mesmo predio da vivenda.
- Danos sufridos no enxoval doméstico de primeira necesidade, cando non estivesen incluídos nas axudas que para o mesmo efecto puidesen aprobar outras administracións ou calquera outro sistema de cobertura de danos e sempre que os danos da vivenda sexan obxecto de subvención.

2.1. Danos na vivenda residencia permanente e habitual dos seus moradores

IMPORTE MÁXIMO SUBVENCIÓN (Danos vivenda habitual)		
Ruína ou rehabilitación de danos na vivenda		109.152 €
Danos no enxoval doméstico	Vivendas ruinosas	16.373 €
	Vivendas a rehabilitar	100% dos gastos. Límite 3.000 €

2.2. Danos na vivendas que NON constitúan residencia permanente e habitual.

IMPORTE MÁXIMO SUBVENCIÓN (Danos en vivenda non habitual)		
Ruína ou rehabilitación de danos na vivenda		43.660,8 €
Danos no enxoval doméstico	Vivendas ruinosas	5.458 €
	Vivendas a rehabilitar	40% dos gastos. Límite 3.000 €

3. Compatibilidade con outras axudas

As axudas da Xunta de Galicia foron compatibles con outras axudas e subvencións, así como coas indemnizacións percibidas dos seguros, ata o límite da renda do contrato de alugamento ou do 100% do valor de reposición da vivenda danada.

En base a este programa aboáronse axudas para a recuperación das vivendas por importe de 3.048.709 €.

AXUDAS POR DANOS EN VIVENDAS E ENXOVAL			
SOLICITUDES	AXUDAS CONCEDIDAS	IMPORTE CONCEDIDO €	IMPORTE PAGADO €
132	122	3.120.283,04	3.040.918,71

Das solicitudes presentadas catro foron denegadas por non cumprir os requisitos e seis corresponden a desistimentos. Algúns dos beneficiarios das axudas non xustificaron a execución da totalidade das obras previstas, polo que reintegraron parte dos importes pagados por adiantado

AXUDAS DESTINADAS A ALOXAMENTO PROVISIONAL			
SOLICITUDES	AXUDAS CONCEDIDAS	IMPORTE CONCEDIDO €	IMPORTE PAGADO €
25	23	116.385	131.913

Das 25 solicitudes presentadas foron rexeitadas dúas por non cumprir os requisitos establecidos. O importe concedido inicialmente foi de 116.385 euros, pero as axudas prorrogáronse, polo que o importe pagado acadou os 131.930 euros,

Programa 2. Rehabilitación directa polo IGVS

Ademais da concesión de axudas para rehabilitación, o IGVS realiza actuacións directas sobre vivendas que precisan de intervención ben para recuperar a súa función e poñelas a disposición dos cidadáns ou ben para arranxar as deficiencias derivadas do seu uso

A rehabilitación pública de vivendas centrouse na aplicación do programa Rexurbe, creado en 2017 co obxectivo de ir máis lonxe que a simple rehabilitación de vivendas ou inmobles illados. O programa Rexurbe naceu

cunha actuación piloto no concello de Betanzos e estendeuse a outros concellos con conxuntos históricos deteriorados. Por medio deste programa o IGVS adquire e rehabilita vivendas en ditos conxuntos históricos co obxectivo de incrementar o parque público de vivenda en alugueiro, xa que as vivendas rehabilitadas cualifícanse como de promoción pública e adxudícanse en réxime de alugueiro.

A complexidade do programa, que se inicia coa adquisición de inmobles que en moitas ocasións contan cun número considerable de copropietarios e problemas de diversas índole, e os problemas alleos ao IGVS, como os retrasos na concesión de licencias de obras por parte dalgún concello, fan que algunhas actuacións se desenvolvan a un ritmo menor do desexado. Pero actualmente xa existen obras rematadas nos concellos de Ferrol, Betanzos, Lugo e Mondoñedo, así como obras en execución ou pendentes de licencia de obra, obras licitadas, proxectos en redacción, etc. Actualmente o programa Rexurbe estase executando nos concellos de Ferrol, Betanzos, A Coruña, Lugo, Vilalba, Mondoñedo, Viveiro, Ourense, Tui e Ribadavia e está prevista a incorporación de Ribadeo.

No seguinte cadro indícanse os inmobles adquiridos, número de vivendas previstas e investimento previsto. O custe de adquisición dos inmobles inclúese no apartado de vivenda de promoción pública, xa que todas as vivendas rehabilitadas son cualificadas como tales

CONCELLO	NÚMERO DE INMOBLES	NÚMERO VIVENDAS PREVISTAS	INVESTIMENTO PREVISTO M€
Betanzos	17	22	4,6
Ferrol	19	38	9,3
Lugo	8	11	2,1
Mondoñedo	15	27	6,4
Vilalba	3	4	0,75
Viveiro	2	3	0,7
Ourense	7	13	2,9
Ribadavia	4	10	2,2
Tui	1	4	0,8
TOTAL	76	132	29,75

Por outra parte, o IGVS efectúa cada ano un importante volume de obras de **reparación e mellora do parque público de vivendas da súa propiedade** adxudicadas en réxime de alugueiro. Estas obras teñen como obxectivo manter ditas vivendas en perfectas condicións e arranxar as

cuestións xurdidas como consecuencia do paso do tempo e o uso das vivendas.

REPARACIÓNS DIRECTAS EN VIVENDAS DE PROMOCIÓN PÚBLICA PROPIEDAD DO IGVS							
CONCELLO	IMPORTE	CONCELLO	IMPORTE	CONCELLO	IMPORTE	CONCELLO	IMPORTE
A Coruña	864.586,43	Barreiros	11.908,46	A Peroxa	6.921,20	A Estrada	1.326,61
Ames	48.812,26	A Pastoriza	30.328,87	Allariz	37,4	A Guarda	24.788,63
Arteixo	533,49	Becerreá	20.704,25	Barbadás	2.264,51	Caldas de Reis	9.626,64
As Pontes	86.552,45	Burela	8.509,93	Carballeda Avia	62.916,42	Cangas	17.441,91
Betanzos	42.677,55	Cervo	52.178,42	Carballeda Valdeorras	30.164,82	Cerdedo Cotobade	29.009,89
Boiro	34.413,48	Chantada	12.559,00	Cartelle	2.389,75	Lalín	3.012,00
Culleredo	4.675,44	Foz	9.738,34	Cenlle	55.547,15	Marín	29.217,39
Ferrol	997.895,91	Friol	20.652,12	Larouco	49.613,20	Mos	891,46
Mañón	24.019,79	Lugo	446.111,42	Maceda	3.807,87	O Porriño	102.827,74
Melide	31.996,09	Mondoñedo	32.534,96	Maside	9.506,00	Poio	63.764,98
Miño	7.241,20	Monforte	57.623,60	Nogueira de Ramuín	5.070,44	Pontevedra	484.327,47
Mugardos	421.195,69	Muras	2.579,12	O Barco	17.196,40	Redondela	2.231,85
Narón	48.226,23	O Incio	314,6	O Carballiño	14.435,00	Ribadumia	23.503,73
Noia	13.463,82	O Valadouro	24.030,13	Ourense	194.708,06	Salvaterra de Miño	6.586,27
Oleiros	20.151,99	Pantón	9.315,55	Ribadavia	40.830,37	Sanxenxo	8.381,30
Ortigueira	84,7	Pobra do Brollón	3.391,27	Ríos	65.867,05	Silleda	7.535,63
Pontedeume	7.600,00	Quiroga	15.778,40	San Cibrao das Viñas	36.202,71	Tomiño	8.713,20
Rianxo	50.056,65	Ribadeo	76.494,10	Verín	16.938,69	Vigo	756.994,32
Ribeira	46.536,41	Sarria	16.293,50	Vilamarín	66.086,25	Vila de Cruces	679.897,25
Santiago	735.964,12	Taboada	1.902,12	A Cañiza	27.182	Vilagarcía de Arousa	99.006,02
		Vilalba	67.519,66				
		Viveiro	102.006,02				
		Xermade	3.560,61				
TOTAL				7.579.487,73			

Ademais, nos anos 2016 a 2018 executáronse actuacións de **rehabilitación en materia de eficiencia enerxética** en inmobles de vivendas de promoción pública, **cofinanciadas con fondos Feder**.

CONCELLO	EMPRAZAMENTO	NÚMERO DE VIVENDAS	IMPORTE €
Cerdido	Felgosas e Vila da Igrexa	12	388.500
Santiago de Compostela	Sunp As Cancelas- Mallou	21	213.207,28
Santiago de Compostela	Sunp Belvís	70	661.986,49
Santiago de Compostela	Sunp Ponte Pereda	25	254.837,65
Melide	José Cándido Ares, fase 1	23	345.271,00
Melide	José Cándido Ares, fase 2	20	297.052,82
Becerreá	Rúa Ancares	45	444.898,31
Vigo	Rúa Menéndez Pelayo	34	504.324,30
TOTAL		250	3.110.078

Programa 3. Áreas de rehabilitación integral

A área de rehabilitación integral é un ámbito de intervención que se declara pola Presidencia do Instituto Galego da Vivenda e Solo, no que se prevé a rehabilitación de vivendas e edificios de vivendas, a realización de obras de urbanización e reurbanización de espazos públicos por parte dos concellos e a existencia duna Oficina de Rehabilitación, todo elo con axudas da Xunta de Galicia e do ministerio competente en materia de vivenda.

A declaración dunha ARI habilita para acceder ao financiamento, a través da sinatura dun acordo específico. Neste acordo fíxase o número de actuacións que poderán ser obxecto de financiamento; os importes das axudas con cargo a fondos estatais e autonómicos, a estimación do importe total das actuacións e, no caso das obras de urbanización e reurbanización de espazos públicos, a achega que se fará con cargo ao concello promotor da actuación; as anualidades de execución e as obrigas de cada unha das administracións respecto á xestión do programa.

As áreas de rehabilitación integral supoñen unha ferramenta fundamental para a rehabilitación de zonas delimitadas de vilas e cidades, permitindo non so a rehabilitación de edificios e vivendas senón intervencións nos espazos públicos, recibindo axudas públicas tanto os propietarios dos inmobles como os concellos no caso de actuacións de urbanización e reurbanización e para a instalación e funcionamento da oficina.

Ao inicio da aplicación do Plan RehaVita, en 2015, en Galicia había 56 áreas de rehabilitación integral declaradas en 38 concellos, ademais da ARI supramunicipal dos Camiños de Santiago, que comprendía 107 concellos. En total, 128 concellos tiñan polo menos unha área de rehabilitación integral no seu territorio.

Ao remate do Plan RehaVita, a finais de 2020, existían 70 ARI declaradas en 41 concellos. Ademais de tres ARI supramunicipais, que comprendían un total de 146 concellos.

TOTAL ARIS DECLARADAS EN GALICIA			
CIDADE	NOME ÁREA	DATA DECLARACIÓN	DATA AMPLIACIÓN
A Coruña	Cidade Vella e A Peixaría	14-11-03	
	R/ Fernández Latorre	27-04-06	
	Nª Sra. do Carme	27-04-06	
	Barrio da Sagrada Familia	27-04-06	02/09/08
	Grupo de vivendas do Birloque	22-02-10	
	Grupo vivendas de Santa Cristina (Palavea)	19-10-09	
	Grupo de vivendas dos Mariñeiros	19-10-09	
	Núcleo San Vicente de Elviña	22-07-15	
	Ventorrillo - Casas de Franco	22-07-15	
	Grupo de vivendas "María Pita" en Labañou	22-07-15	
Betanzos	Conxunto histórico de Betanzos e a súa zona de protección	24-10-02	
Corcubión	Casco Histórico de Corcubión	15-12-03	
Ferrol	Barrios históricos A Magdalena e Ferrol Vello	06-09-01	
	Barrio da Graña	06-06-05	
	Barrio Esteiro Vello	22-07-15	
	Barrio de Recimil	12-12-16	
Neda	Conxunto Histórico de Neda	17-11-03	
Noia	Casco Histórico de Noia	25-05-01	
Mugardos	Casco Antigo de Mugardos	17-04-06	
Muros	Núcleo Histórico de Muros	01-08-01	
Padrón	Casco Urbano Histórico de Padrón	14-11-03	
Rianxo	Rianxo, Rianxiño e A Fincheira	05-05-08	
Santiago Compostela	Conxunto histórico de Santiago de Compostela	09-01-98	
	Grupos de vivendas "Compostela e Cardeal Quiroga Palacios" do Barrio de Pontepedriña	23-12-08	
	Polígono de Vista Alegre	17-04-06	
	Barrio de Vite	15-02-16	
Castro de Rei	Castro de Rei	Febreiro 2021	

TOTAL ARIS DECLARADAS EN GALICIA			
CIDADE	NOME ÁREA	DATA DECLARACIÓN	DATA AMPLIACIÓN
Chantada	Casco Antigo de Chantada	05-06-00	16/09/15
Guitiriz	Parroquias de Buriz e Os Vilares	13/11/20	
Lourenzá	Casco Antigo de Lourenzá e zonas de respecto	29-01-03	
Lugo	Casco Histórico de Lugo	13-03-98	
	Barrio do Sagrado Corazón	19-07-07	22/07/15
Mondoñedo	Casco Histórico de Mondoñedo e Barrios Históricos de S. Lázaro e "Os Muíños"	23-04-98	
Monforte	Conxunto Histórico e Zonas de respecto no Concello de Monforte de Lemos	25-04-03	
Quiroga	Núcleo urbano de Quiroga	19-10-09	
Ribadeo	Casco Histórico da Vila de Ribadeo	11-05-01	10/01/12
	Núcleo de Rinlo (Ribadeo)	16-03-09	
Sarria	Casco Antigo de Sarria	03-10-03	
Sober	Concello rural Sober	08-11-11	
Vilalba	Casco Antigo e zona ampliada de Vilalba	13-09-00	16/09/15
Viveiro	Casco Histórico de Viveiro	17-03-98	
Allariz	Conxunto Histórico de Allariz	05-07-96	
	Aldeas e lugares de Santa Mariña de Augas Santas	16-09-15	
Castro Caldelas	Centro Histórico de Castro Caldelas	02-03-07	15-09-15
Celanova	Entorno do Mosteiro de S. Salvador de Celanova e do Burgo Medieval de Vilanova dos Infantes	24-10-02	
Ourense	Casco Histórico de Ourense	09-01-98	
	Núcleo de Seixalbo	24-10-03	
	Polvorín, Camelias e Carballeira	19-10-09	09-07-08
	Barrios Serra de San Mamede, Cruceiro Quebrado e A Inmaculada	15-09-15	
Ribadavia	Casco Histórico de Ribadavia	08-06-99	
	Casco Antigo de San Cristovo de Ribadavia	09-07-08	
San Cibrao das Viñas	"Barrios orixinarios" de San Cibrao das Viñas	16-09-16	

TOTAL ARIS DECLARADAS EN GALICIA			
CIDADE	NOME ÁREA	DATA DECLARACIÓN	DATA AMPLIACIÓN
Verín	Barrio de San Lázaro e Núcleo Antigo de Verín	17-04-06	
Vilar de Santos	Núcleo de Vilar de Santos	21-06-11	
Xunqueira de Ambía	Conxunto Histórico de Xunqueira de Ambía	16-09-15	
Baiona	Vila de Baiona	18-02-11	
Cambados	Conxunto Histórico de Cambados	10-12-01	
Poio	Conxunto Histórico-Artístico de Combarro	31-10-02	
Caldas de Reis	Núcleo de Santo Tomé	19-01-17	
Cangas	Casco Antigo e zona ampliada de Cangas	11-04-01	
Marín	Casco Vello e Barrio da "Banda do Río Lameira"	07-07-11	16/09/15
Pontevedra	Núcleo de Estribela	03-05-07	
	Conxunto Histórico de Pontevedra	04-10-12	
Tui	Casco Histórico de Tui	06-09-01	
Vigo	Casco Vello de Vigo	29-09-97	
	Casco Histórico de Bouzas	25-03-03	
	Rúas Bueu-Moaña, Polígono Coia	22-07-15	
	Grupo de Casas Santa Clara. Cabral	22-07-15	
	Espiñeiro-Teis	2/06/21	
	Beiramar	2/06/21	
	San Roque	2/06/21	
	San Pablo	2/06/21	
Vilagarcía Arousa	Núcleo de Carril	02-03-07	
	Núcleo de Vilaxoán	02-03-07	
	Casco Vello de Vilagarcía de Arousa	19-10-09	
Camiños	ARI dos Camiños de Santiago	17-12/10	
Illas Atlánticas	ARI do parque Nacional das Illas Atlánticas	23-01-19	
Ribeira Sacra	ARI da Ribeira Sacra	21/02/2020	

No período que vai de 2015 a 2020 declaráronse as seguintes áreas de rehabilitación integral:

ARIS DECLARADAS ENTRE 2015 E 2020	
CONCELLO	ÁREA DE REHABILITACIÓN
A Coruña	San Vicente de Elviña
A Coruña	Ventorrillo-Casas de Franco.
A Coruña	Grupo de vivendas "María Pita" en Labañou
Ferrol	Barrio Esteiro Vello
Ferrol	Barrio de Recimil en Ferrol
Santiago de Compostela	Barrio de Vite
Guitiriz	Área de Rehabilitación Integral das parroquias do Buriz e Os Vilares
Allariz	Aldeas e lugares de Santa Mariña de Augas Santas
Ourense	Barrios Serra de San Mamede, Cruceiro Quebrado e A Inmaculada
San Cibrao das Viñas	"Barrios orixinarios" de San Cibrao das Viñas
Xunqueira de Ambía	Conxunto Histórico de Xunqueira de Ambía
Vigo	Grupo de Casas Santa Clara. Cabral
Vigo	Rúas Bueu-Moaña no polígono de Coia
Caldas de Reis	Núcleo de San Tomé
Guitiriz	Parroquias de Buriz e os Vilares
Varios concellos (25)	Ribeira Sacra
Varios concellos (4)	Parque Nacional das Illas Atlánticas

O reparto de fondos entre as diferentes áreas de rehabilitación realízase en base a un procedemento público no que os concellos poden participar solicitando unha contía para a realización das actuacións de rehabilitación que teñen programadas. En base a iso, asígnase unha contía por area de rehabilitación e formalízase un convenio entre o concello, o IGVS e o Ministerio para regular a execución destes fondos.

Con cargo ao Plan 2013-2016 concedéronse fondos por importe de 50.472.512,78 coa seguinte distribución por localidades:

FONDOS CONCEDIDOS PARA ARIS CON CARGO AO PLAN 2013-2016 (con prorroga 2017)						
CONCELLOS	2015	2016	2017	2018	2019	2020
Betanzos	0	0	44.769,59			
A Coruña	1.841.343,76	1.703.484,41	1.984.995,34	525.060,74	525.060,74	525.060,74
Corcubión	25.197,36	62.580,00	140.504,24	6.747,09	6.747,09	6.747,09
Ferrol	602.574,37	994.592,66	2.048.954,06	507.440,10	478.111,08	478.111,08
Mugardos	0	0	17.907,84			
Muros	101.176,98	44.700,00	124.400,58	21.070,80	21.070,80	21.070,80
Neda	17.998,11	44.700,00	75.551,23	18.915,35	18.915,35	18.915,35
Noia	60.489,63	150.231,65	289.574,41	121.595,85	114.603,75	114.603,75
Padrón	39.151,09	100.139,94	262.853,35	28.224,97	28.224,97	28.224,97
Rianxo	17.998,11	44.700,00	99.975,91	21.776,80	21.776,80	21.776,80
Santiago de Compostela	683.550,24	900.000,00	1.992.070,33	278.597,90	278.597,90	278.597,90
Chantada	23.397,55	58.110,00	129.413,75	35.110,00	35.110,00	35.110,00
Lourenzá	17.998,11	44.700,00	118.294,41	16.898,17	16.898,17	16.898,17
Lugo	96.634,17	324.430,34	185.624,37	172.124,37	158.582,33	124.838,00
Mondoñedo	236.931,28	157.750,00	241.160,79	51.944,93	51.944,93	51.944,93
Monforte de Lemos	17.998,11	44.700,00	154.931,42	5.717,01	5.717,01	5.717,01
Quiroga	26.997,17	67.050,00	125.539,18	22.723,69	15.670,56	12.170,86
Ribadeo	290.709,93	206.872,45	239.630,11	101.742,10	101.742,10	101.742,10
Sarria	44.995,28	111.750,00	68.203,21	68.203,21	68.203,21	68.203,21
Sober	188.502,51	215.221,52	302.846,65	117.079,70	99.724,34	91.163,26
Vilalba	62.197,18	46.230,00	30.031,70	30.031,70	30.031,70	24.853,13
Viveiro	167.506,45	202.800,00	251.684,74	130.807,54	130.807,54	
Allariz	12.079,27	30.000,00	30.000,00	30.000,00	30.000,00	30.000,00
Castro Caldelas	52.194,53	129.630,00	149.408,35	108.992,46	108.992,46	
Ourense	719.097,30	1.158.097,47	2.094.009,04	533.932,89	326.676,97	326.146,45
Ribadavia	75.995,10	142.720,00	155.124,90	73.424,90	73.424,90	72.824,90
San Cibrao das Viñas	14.398,49	35.760,00	35.760,00	35.760,00	35.760,00	35.760,00
Verín	85.895,67	97.400,00	73.724,00	73.724,00	73.724,00	62.724,00
Vilar de Santos	53.994,34	134.100,00	171.246,32	112.560,62	112.560,62	112.560,62
Xunqueira de Ambía	0	111.750,00	94.547,68	66.754,72	66.754,72	66.754,72
Baiona	46.531,12	106.471,68	74.642,98	74.642,98	70.492,32	70.492,32
Caldas de Reis	0	0	35.815,68			
Cambados	143.984,91	357.600,00	492.952,69	281.417,58	281.417,58	281.417,58
Cangas	128.796,04	113.870,00	178.197,32	28.320,00		108.992,46
Celanova	39.595,85	98.340,00	99.581,04	58.744,15	58.744,15	58.744,15

Marín	298.277,72	377.206,82	578.786,61	241.106,61	160.344,72	160.344,72
Poio	38.219,82	94.222,51	104.852,03	19.761,05	19.761,05	10.936,06
Pontevedra	494.221,75	836.997,71	954.450,55	514.422,50	514.422,50	352.601,21
Tui	19.797,93	49.170,00	120.948,63	49.170,00	49.170,00	49.170,00
Vigo	933.245,44	1.193.823,01	2.142.696,73	780.495,72	630.347,48	567.731,57
Vilagarcía de Arousa	79.191,70	196.680,00	422.522,25	122.918,76	122.918,76	122.918,76
TOTAL	7.798.864,37	10.788.582,17	16.938.184,01	5.487.960,96	4.943.052,60	4.515.868,67

Con cargo ao Plan 2018-2020 concedéronse fondos por importe de 25.926.061,49 € coa seguinte distribución por localidades:

FONDOS CONCEDIDOS PARA ARIS CON CARGO AO PLAN 2018-2021				
Concello	ARI	2018	2019	2020
		Importe €	Importe €	Importe €
A Coruña	Conxunto histórico	561.026,88		
A Coruña	Grupo de Vivendas María Pita en Labañou	771.877,04		
A Coruña	Grupo de Vivendas Ventorrillo. Casas De Franco	678.500,26		
Betanzos	Conxunto histórico	431.581,22		100.430,00
Corcubión	Conxunto histórico	222.165,19		100.430,00
Ferrol	Conxunto histórico Ferrol	1.368.565,02		332.750,00
Ferrol	A Graña	114.955,91		
Ferrol	Esteiro Vello	102.371,74		
Ferrol	Recimil	960.730,26		
Mugardos	Núcleos de Mugardos e O Seixo	113.289,85		
Muros	Conxunto histórico	104.849,66		
Noia	Conxunto Histórico	58.332,85		48.400,00
Padrón	Padrón	134.093,23		
Rianxo	Rianxo, Rianxiño e A Fincheira	47.077,20		62.536,16
Santiago	Conxunto histórico Santiago Compostela	174.400,00		65.925,00
Santiago	Grupos "Compostela e Cardeal Quiroga Palacios (Pontepedriña)	265.000,00		115.725,00
Santiago	Polígono de Vista Alegre	1.426.128,00		151.100,00

FONDOS CONCEDIDOS PARA ARIS CON CARGO AO PLAN 2018-2021				
Concello	ARI	2018	2019	2020
		Importe €	Importe €	Importe €
Santiago	Barrio de Vite	821.722,00		
Chantada	Casco Antigo		280.973,48	
Lourenzá	Casco Antigo de Lourenzá e zonas de respecto	94.832,04		48.400,00
Lugo	Conxunto histórico	277.584,45		
Mondoñedo	Conxunto histórico	207.834,58		190.465,65
Monforte	Conxunto Histórico e zonas de respecto	186.159,37		100.430,00
Quiroga	Núcleo Urbano de Quiroga	200.157,48	217.500,00	
Ribadeo	Conxunto histórico Ribadeo	336.551,69		
Ribadeo	Núcleo de Rinlo	168.275,86		
Sarria	Casco Antigo	39.748,08		
Sober	Municipio rural de Sober	109.050,00	196.000,00	48.400,00
Vilalba	C. A. Vilalba	30.142,80	510.145,44	
Viveiro	Conxunto histórico de Viveiro	158.725,53	410.000,00	
Castro Caldelas	Conxunto histórico de Castro Caldelas	32.000,00		48.400,00
Celanova	Entorno Mosteiro S. Salvador e Burgo de Vilanova dos Infantes	92.091,62		
Ourense	Conxunto histórico Ourense	350.825,39		245.550,00
Ourense	Conxunto histórico Núcleo de Seixalbo	108.000,00		87.200,00
Ourense	Polvorín, Camelias e Carballeira	1.051.746,80		
Ourense	Barrios Serra de San Mamede, Cruceiro Quebrado e A Inmaculada	180.000,00		
Ribadavia	Conxunto histórico	154.180,72		108.550,00
Ribadavia	San Cristovo		274.200,00	48.750,00
Verín	Verín		76.300,00	
Vilar de Santos	Núcleo de Vilar de Santos	32.000,00		48.400,00
Xunqueira de Ambía	Conxunto histórico	27.250,00		
Caldas de Reis	Núcleo de Santo Tomé	324.181,44		
Cambados	Conxunto histórico	166.309,27		
Cangas	Cangas	512.259,24		

FONDOS CONCEDIDOS PARA ARIS CON CARGO AO PLAN 2018-2021				
Concello	ARI	2018	2019	2020
		Importe €	Importe €	Importe €
Marín	Vila de Marín	594.809,61		
Poio	Conxunto Histórico-Artístico de Combarro	343.184,38		
Pontevedra	Conxunto histórico	669.621,81		292.921,73
Pontevedra	Estribela	174.283,64		39.828,27
Tui	Conxunto histórico	130.658,46		48.400,00
Vigo	Conxunto histórico Casco Vello	1.276.065,00	404.622,00	
Vigo	Bouzas	526.000,00	195.170,00	
Vigo	Grupo de Casas Santa Clara. Cabral	183.639,00	317.308,00	118.830,00
Vigo	Rúas Bueu-Moaña, Polígono Coia	568.800,00		85.760,00
Vilagarcía de A.	Núcleo de Carril	54.998,82		9.672,00
Vilagarcía de A.	Núcleo de Vilaxoán	54.998,82		118.488,00
Vilagarcía de A.	Conxunto histórico de Vilagarcía de Arousa	54.998,82		
TOTAL		17.828.631,03	2.882.218,92	2.665.741,81

ÁREA DE REHABILITACIÓN DOS CAMIÑOS DE SANTIAGO				
CONCELLO	CUALIFICACIÓNS		AXUDAS	
	PROVISIONAIS	DEFINITIVAS	NÚMERO	IMPORTE €
A Coruña	11	6	3	80.127,49
Abegondo	5	5	5	27.522,66
Ames	3	3	3	19.563,85
Arzúa	3	3	3	36.426,35
Betanzos	3	2	0	-
Boimorto	17	15	15	68.376,96
Boqueixón	7	4	3	8.426,58
Cabanas	2	2	1	2.962,00
Cambre	1	1	1	8.327,73
Cee	1	1	1	4.375,00
Corcubión	7	4	3	12.537,90
Culleredo	4	1	1	67.631,87
Dodro	1	0	0	-
Dumbría	12	6	5	24.083,78
Fene	1	0	0	-
Ferrol	1	1	1	66.420,00
Fisterra	4	4	4	17.767,53
Mazaricos	34	21	18	119.968,35
Melide	6	3	1	20.253,41
Miño	8	6	5	25.116,67
Muxía	6	5	4	16.471,38
Neda	4	3	2	57.247,01
Negreira	4	3	2	12.160,20
O Pino	9	6	6	41.896,10
Oroso	12	7	6	10.068,99
Paderne	2	0	0	-
Padrón	5	2	2	5.161,86
Pontedeume	3	1	1	8.247,65
Rois	1	1	1	3.440,36
Santiago de Compostela	18	8	2	14.768,30
Sobrado	9	8	6	40.045,62
Vedra	9	6	5	25.804,77
Vilasantar	2	2	2	7.985,00
A Fonsagrada	22	12	13	87.026,25
A Pobra do Brollón	1	0	0	-
Abadín	11	6	6	34.438,61
Baleira	12	6	6	59.142,32
Barreiros	6	3	3	19.726,72
Begonte	3	2	2	6.363,64
Castroverde	2	1	1	3.966,00
Chantada	2	0	0	-
Friol	7	3	3	16.267,72
Guitiriz	7	3	3	23.897,70
Guntín	2	1	1	1.995,00
Lourenzá	11	7	7	33.239,49
Lugo	16	10	11	85.780,62
Mondoñedo	48	33	29	154.648,19
Monforte de Lemos	2	2	2	6.826,80
Monterroso	2	2	2	4.183,42
Palas de Rei	19	9	9	58.301,21

ÁREA DE REHABILITACIÓN DOS CAMIÑOS DE SANTIAGO				
	CUALIFICACIÓNS		AXUDAS	
CONCELLO	PROVISIONAIS	DEFINITIVAS	NÚMERO	IMPORTE €
Paradela	3	1	1	9.400,00
Pedrafita do Cebreiro	5	2	2	7.325,97
Portomarín	9	2	2	17.250,10
Quiroga	2	1	1	16.322,99
Ribadeo	21	13	12	52.102,03
Samos	5	3	3	11.683,68
Sarria	8	5	5	48.312,35
Trabada	8	3	3	26.263,74
Triacastela	3	1	1	9.126,65
Vilalba	12	9	9	77.497,75
A Gudiña	10	3	3	23.393,43
A Mezquita	5	1	1	5.157,57
Amoeiro	2	1	1	15.000,00
Castrelo do Val	2	1	1	4.239,65
Coles	1	1	1	6.926,00
Laza	1	0	0	-
Monterrei	6	6	6	31.961,10
Ourense	24	11	9	172.139,93
Piñor	5	4	4	19.713,27
Riós	10	8	7	39.536,47
San Cibrao das Viñas	2	1	1	7.462,96
San Cristovo de Cea	40	33	32	118.096,06
Sandiás	7	5	5	14.259,82
Trasmiras	6	5	5	36.498,86
Verea	1	0	0	-
Verín	8	6	6	51.272,96
Vilamarín	2	2	2	17.694,56
Vilar de Barrio	1	1	1	2.283,21
Xinzo de Limia	1	1	1	3.930,50
Xunqueira de Ambía	5	4	4	18.094,37
A Estrada	1	1	0	-
Barro	3	3	1	4.606,38
Caldas de Reis	5	3	2	22.376,38
Dozón	1	1	0	-
Lalín	7	5	4	27.089,75
O Porriño	1	1	1	7.109,24
O Rosal	2	0	0	-
Pontecesures	3	2	2	14.353,15
Pontevedra	2	2	1	7.616,00
Portas	1	1	1	9.350,00
Redondela	4	2	1	4.899,07
Silleda	12	8	7	68.448,57
Tui	3	2	1	4.084,25
Valga	6	6	5	31.627,02
Vigo	1	0	0	-
Vilaboa	4	3	3	35.974,88
TOTAL	659	414	368	2.549.469,73

ÁREAS DE REHABILITACIÓN INTEGRAL (ARI)

Actualizado: agosto 2021

Concellos segundo o número ou tipo de ARI

- Con 1 ARI
- Con 2 ARI
- Con 3 a 5 ARI
- Con máis de 6 ARI
- ARI Parque Nacional das Illas Atlánticas
- ARI dos Camiños de Santiago
- ARI da Ribeira Sacra
- Concellos con ARI do Camiño de Santiago e outros


Camiños de Santiago

- Francés
- Do Norte
- Primitivo
- Ruta da Plata
- Portugués
- Portugués pola costa
- Inglés
- De Fisterra e Muxía
- De inverno

XUNTA DE GALICIA



Xacobeo 21-22



Programa 4. Outras actuacións de rehabilitación

Consorcio Casco Vello de Vigo

O Consorcio do Casco Vello de Vigo creouse en virtude do convenio asinado o 3 de febreiro de 2005 entre o IGVS, o Consorcio da Zona Franca de Vigo e o concello de Vigo. Posteriormente, o 1 de outubro de 2007 asinouse un convenio polo que se modificou a participación no Consorcio Casco Vello de Vigo e o IGVS asumiu a participación do Consorcio da Zona Franca de Vigo, quedando o Consorcio participado nun 90% polo IGVS e nun 10% polo Concello de Vigo.

Durante o período de vixencia do Plan RehaVita o Consorcio do Casco Vello de Vigo, continuou adquirindo e rehabilitando inmobles e prorrogouse de novo a súa vixencia en 2017, ata o 2021 momento no que se volveu a prorrogar. Tamén se incrementou a dotación anual que a Xunta de Galicia transfire ao Consorcio, duplicándoa, pasando de 200.000 euros ao ano a

400.000 € mentres o Concello de Vigo achega 44.444 € en cada unha desas anualidades.

Así, durante o período a Xunta de Galicia aportou ao Consorcio Casco Vello de Vigo 1,2 millóns de euros.

Así mesmo, o Consorcio realizou actuacións por un importe de 9.865.017 actuando sobre 17 vivendas.

Fondo de Cooperación con concellos para actuacións de rehabilitación

O Fondo de cooperación para o apoio ao financiamento de actuacións de rehabilitación e conservación do patrimonio construído foi creado mediante a resolución da presidenta do Instituto Galego da Vivenda e Solo do 20 de setembro de 2016 (DOG do 23/09/2016). Posteriormente, a Lei 1/2019, do 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia (DOG do 2/05/2019) regulou, nos seus artigos 82 e 83, o fondo dentro das medidas de fomento da rehabilitación edificatoria e da rexeneración e a renovación urbanas.

A creación do Fondo de cooperación obedeceu á necesidade de arbitrar un mecanismo que facilitase a participación dos concellos nas intervencións públicas en materia de rehabilitación e rexeneración urbana, de tal xeito que puidesen acometer actuacións de recuperación e posta en valor do patrimonio construído, co obxecto de recuperar ámbitos en estado deficiente de conservación, como medida de protección do patrimonio cultural e arquitectónico, do medio ambiente, da paisaxe e do territorio en aras de mellorar a calidade de vida da cidadanía, facilitando que poida dispoñer dunha vivenda digna e axeitada.

Poden beneficiarse dos préstamos do fondo os concellos de menos de 50.000 habitantes.

A axuda do fondo de cooperación consiste en préstamos sen xuro, a devolver no período máximo de oito anos.

Con cargo ao fondo de cooperación poderán financiarse as seguintes actuacións:

- Actuacións promovidas polos concellos no desenvolvemento das competencias que lles atribúe a lexislación urbanística, en relación cos deberes de conservación e rehabilitación.
- Actuacións de rehabilitación e rexeneración urbanas realizadas polo concello dentro das propias políticas municipais en materia de conservación e recuperación do patrimonio construído.
- Adquisición de inmobles para a súa posterior rehabilitación.
- A elaboración de plans especiais de protección

O IGVS publicará anualmente resolucións de convocatoria nas que se fixarán o procedemento, condicións e criterios para o acceso ao financiamento, total ou parcial, das actuacións con cargo ao fondo de cooperación e se abrirá un prazo de presentación de solicitudes.

O concello que desexe acollerse a este mecanismo presentará a correspondente solicitude que, de ser aprobada conforme ao procedemento previsto na convocatoria, materializarse na sinatura dun convenio de financiamento con cargo ao fondo de cooperación. No citado convenio constarán as actuacións a realizar, a contía a dispoñer, o prazo e condicións de reintegro e as demais condicións para o acceso ao fondo.

Ningún concello poderá realizar unha solicitude de disposición nin acumular a través de diferentes convenios de financiamento máis do 25% do total do importe co que está dotado o fondo.

En todo caso, o concello deberá aceptar expresamente no convenio de financiamento a posibilidade de compensación e retención das achegas vencidas e non pagadas con cargo ao Fondo de Compensación Local e se comprometerá a incluír nos orzamentos dos exercicios seguintes, con cargo aos ingresos correntes, as anualidades previstas no convenio para a reposición dos fondos.

O fondo de cooperación financíase con fondos procedentes das fianzas de alugueiro depositadas no Instituto Galego da Vivenda e Solo.

Inicialmente o fondo dotouse con 10 millóns de euros. As contías devoltas polos concellos reintégranse ao fondo de cooperación para novos

préstamos. No ano 2021 incrementouse a dotación do fondo ata os 20 millóns de euros.

Dende a súa creación, realizáronse convocatorias do fondo nos anos 2017, 2018, 2019, 2020 e 2021.

Durante o período 2015-2020 concedéronse as seguintes contías por concellos:

FONDO DE COOPERACIÓN	
CONCELLO	IMPORTE CONCEDIDO €
Boiro	1.050.394,36
Sada	160.000,00
Val do Dubra	94.664,05
Barreiros	713.828,00
Mondoñedo	450.000,00
Outeiro de Rei	124.563,27
Bande	27.632,78
Baños de Molgas	50.000,00
Calvos de Randín	200.000,00
Celanova	252.321,11
O Barco de Valdeorras	133.435,76
Parada de Sil	602.236,19
Rubiá	404.000,00
Xunqueira de Ambía	485.579,00
Catoira	236.143,60
Gondomar	300.000,00
Ponteareas	1.206.557,87
TOTAL	6.491.355,99

Préstamos para a rehabilitación de edificios e vivendas

A Orde do 19 de setembro de 2016 aprobou o programa de préstamos cualificados para a rehabilitación de edificios e vivendas e estableceu as bases reguladoras para a concesión das axudas. En virtude do citado programa, establécese unha liña de préstamos para financiar a execución de obras de rehabilitación de edificios e vivendas situados no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, cuxa concesión poderá ir acompañada

dunha axuda económica directa consistente na subsidiación dos xuros dos préstamos cualificados.

Os propietarios de inmobles poden solicitar un préstamo para a rehabilitación de vivendas ás entidades que asinaron un convenio coa Xunta: Abanca, Caixabank, Caixa Rural, Banco Sabadell e Deutsche Bank.

A contía máxima dos préstamos é de:

- 30.000 € no caso de ser persoais
- 60.000 € en caso de ser hipotecarios.
- 10.000 € por vivenda integrante da comunidade, no caso de préstamos solicitados por comunidades de propietarios.

O apoio económico da Xunta poderá chegar a cubrir o 100% dos xuros dos préstamos durante un período de 48 meses, en función dos ingresos dos solicitantes.

Subsidiación dos préstamos polo IGVS:

IPREM	SUBSIDIACIÓN MÁXIMA	DURACIÓN MÁXIMA
Menor ou igual a 4	100% dos xuros	48 meses
Maior de 4 e menor de 5,5	80% dos xuros	36 meses
Maior de 5,5 e menor de 6,5	Sen subsidiación	Duración do préstamo

PRÉSTAMOS PARA REHABILITACIÓN				
	2017	2018	2019	2020
Número de axudas	24	16	13	26
Importe	163.283,31	107.114,43	84.448,7	61.762,93 €

Guías publicadas

Unha das principais novidades do Código técnico de edificación (CTE) é a incorporación, no documento de salubridade, da sección DB-HS6 que establece os requisitos técnicos que deberán cumprir os edificios para a protección das persoas fronte á exposición ao gas radon. Este documento pretende dar resposta ao artigo 5 da Directiva 2013/59/ Euratom que esixe

"que os Estados membros establecerán requisitos legais e un réxime apropiado de control regulamentario que, para as situacións de exposición, reflectan un sistema de protección radiolóxica baseado nos principios de xustificación, optimización e limitación da dose".

Porén, as novas esixencias do Código técnico de edificación (CTE) e as medidas que esta normativa propoña serán de aplicación nos edificios novos e en determinados casos das rehabilitacións, de modo que os edificios xa construídos, en uso e habitados, estarían fóra do alcance desta normativa.

Por este motivo, considerouse necesaria e oportuna a redacción dunha guía de actuación nas vivendas existentes que, aínda que non é de obrigado cumprimento, recolle unha serie de recomendacións e medidas de actuación para mitigar o risco de exposición ao radon.

O obxectivo da parte primeira desta guía é definir unha folla de ruta dos pasos que debe dar o usuario para comprobar se a súa vivenda está en risco e as posibilidades de actuación que ten para reducir este risco.

Na parte II, "Anexo técnico", especificanse as distintas solucións construtivas, incluído o seu custo estimado para o que se terán en conta as obras complementarias e necesarias para levala a cabo, a súa correcta execución, así como as súas vantaxes e inconvenientes, co obxecto de lle facilitar ao técnico a elección das medidas máis adecuadas a cada caso particular.

- [RADON. Guía de recomendacións de mitigación en vivendas existentes](#)
- [RADON. Guía de recomendacións de mitigación en vivendas existentes - Anexo técnico](#)

Por outra parte, o IGVS participou no proxecto ADAPTACLIMA II, financiado con fondos europeos e aprobado na 3ª convocatoria de proxectos do Programa de Cooperación Territorial INTERREG IV B SUDOE, que ten como obxectivo principal a capitalización dos estudos realizados sobre as evidencias e as consecuencias do cambio climático nas vivendas.

As conclusións deste estudo, recóllense nuns documentos que están estruturados para que podan ser utilizados polos técnicos e proxectistas de vivendas, de nova construción e de rehabilitación, á maneira de guía e manual.

- [Guía de arquitectura pasiva para vivendas en Galicia](#)

- [Manual de recomendacións para a rehabilitación de vivendas en Galicia](#)

Conclusións

De forma global, o eixo 2 prevía un total de 28.006 actuacións, executándose 45.854, o que supón un incremento de 17.848, é dicir, un 63,73 por cento máis do previsto.

Cabe salientar que a partir de 2019 a meirande parte dos fondos autonómicos destinados á rehabilitación illada asignáronse á liña de rehabilitación illada do plan de vivenda, xa que a partir dese ano foi preciso cofinanciar as actuacións deste programa.

Iso supuxo que nos anos 2019 e 2020 a case totalidade das actuacións de rehabilitación illada se realizasen a través do programa do plan de vivenda e non do autonómico, o que supuxo unha redución na porcentaxe de execución do mesmo e o incremento da execución no programa do plan.

Por outra banda, seguíronse a impulsar e financiar as áreas de rehabilitación integral tanto as de ámbito municipal como as supramunicipais entendendo que constitúen unha forma de intervención que consegue recuperar integramente importantes ámbitos mellorando sensibelmente a calidade de vida dos residentes. Para consolidar e reforzar esta forma de actuación se incluíu na lei de rehabilitación a súa regulación específica ao mesmo tempo que se creaba a Area REXURBE, como un instrumento de recuperación de ámbitos con alto nivel de protección patrimonial que se atopan cun importante nivel de deterioro e que polo tanto requiren una intervención pública mais intensa.

Seguiuse tamén a potenciar as actuacións no casco vello de Vigo, a través do Consorcio e se crearon novos programas non previstos no Plan RehaVita para facilitar as actuacións de rehabilitación como é o caso dos prestamos para a rehabilitación ou o Fondo para concellos.

EIXO 3. PREVENCIÓN DA EXCLUSIÓN RESIDENCIAL

O Eixo 3 desenvólvese a través de tres programas e as súas respectivas accións:


- **Programa 1.** Vivendas de inserción
 - Acción 1. Creación dunha rede de vivendas de inserción
- **Programa 2.** Realoxamento de afectados por execucións hipotecarias
- **Programa 3.** Programa de apoio a situacións de emerxencia residencial
 - Acción 1. Bono alugueiro
 - Acción 2. Reparación de infravivendas rurais en concellos de menos de 5.000 habitantes

INDICADOR	PREVISTO NO PLAN	EXECUTADO	% DE EXECUCIÓN
Vivendas integradas na rede de inserción (nº)	750	263	35,06
Axudas concedidas Bono alugueiro (nº)	7.126	2.413	33,86
Axudas concedidas infravivenda (nº)	1.701	98	5,76
Realoxo de afectados por execucións hipotecarias	100% solicitantes	100 % solicitantes	
TOTAL	9.577	2.774	28,97

INDICADOR ORZAMENTO	PREVISTO NO PLAN M€	EXECUTADO M€	% DE EXECUCIÓN
PROGRAMA 1. Vivendas de inserción	24,8	5,86	23,63
PROGRAMA 2. Realoxamento de afectados por execucións hipotecarias	8,1	1,15	14,20
PROGRAMA 3. Apoio a situacións de emerxencia residencial	30,7	10,05	32,74
TOTAL	63,6	17,06	26,82


Eixo 3. PREVENCIÓN DA EXCLUSIÓN RESIDENCIAL

Actuacións



Eixo 3. PREVENCIÓN DA EXCLUSIÓN RESIDENCIAL

Orzamento M€



Programa 1. Vivendas inserción

As vivendas de inserción son aquelas vivendas de titularidade pública ou privada destinadas a atender as necesidades de persoas que requiran unha especial atención polas súas circunstancias persoais, económicas ou sociais.

Durante o período 2015-2020 para cubrir estas necesidades utilizáronse aquelas vivendas que foron cedidas en usufruto pola Sareb e polas entidades financeiras así como vivendas públicas que foron adxudicadas directamente para atender a situacións de urxente necesidade.

Así mesmo, pretendíase utilizar vivendas de particulares que fosen postas a disposición dos concellos no marco do programa de vivendas baleiras pero a escasa implicación dos concellos co programa fixo pouco efectiva esta posibilidade. Esta era unha vía de actuación valorada favorablemente polas entidades sen ánimo de lucro prestadoras de servizos sociais e mesmo pola Valedora do Pobo. Deste xeito, houbo asociacións que se dirixiron a concellos requirindo a participación destes no programa sen éxito e tamén a Valedora do Pobo fixo recomendacións a diferentes concellos para que participaran no programa, tamén sen éxito.

En todo caso, a Xunta de Galicia destinou un total de 263 vivendas ao programa de vivendas de inserción, adxudicando directamente as mesmas a persoas con grandes dificultades como vítimas de violencia de xénero, desafiuzamentos de familias con menores ou dependentes, etc.

VIVENDAS DE SAREB, ENTIDADES FINANCEIRAS E DO IGVS (VPP)							
CONCELLO	Nº	CONCELLO	Nº	CONCELLO	Nº	CONCELLO	Nº
Arteixo	2	Barreiros	1	Castro Caldelas	1	A Estrada	1
As Pontes	2	Cervo	1	O Barco	2	Bueu	1
Boiro	2	Chantada	1	O Carballiño	1	Caldas de Reis	4
Cee	5	Lugo	33	Ourense	8	Cambados	1
Cerceda	2	Mondoñedo	1	Verín	1	Cangas	1
A Coruña	17	Monforte de Lemos	4	Vilar de Santos	1	A Cañiza	6
Culleredo	3	Rábade	1			O Covelo	1
Ferrol	18	Vilalba	2			Cotobade	1
Laracha	1	Viveiro	3			A Guarda	3
Miño	2					Lalín	2
Narón	3					Marín	2
Negreira	1					Moaña	3
Oleiros	4					Mondariz	1
Porto do Son	1					Nigrán	1
Ribeira	2					O Porriño	6
Rois	1					Poio	1
Santiago	21					Ponteareas	2
Touro	1					Pontecesures	2
						Pontevedra	8
						Salceda de Caselas	3
						Salvaterra de Miño	10
						Silleda	7

VIVENDAS DE SAREB, ENTIDADES FINANCEIRAS E DO IGVS (VPP)							
CONCELLO	Nº	CONCELLO	Nº	CONCELLO	Nº	CONCELLO	Nº
						Tomíño	2
						Vigo	27
						Vila de Cruces	10
						Vilagarcía de Arousa	7
						Vilanova de Arousa	1
TOTAL				263			

Programa 2. Realoxamento de afectados por execucións hipotecarias

Dende 2012 a Xunta de Galicia ven aplicando doce medidas destinadas a facer fronte aos desafiuzamentos e en defensa do dereito á vivenda dos cidadáns, entre as que se atopan o realoxo dos afectados por desafiuzamentos. No caso de non dispoñer de vivendas axeitadas para o realoxo, prevese a concesión de axudas para o alugueiro, garantindo que todos os afectados que cumpran os requisitos acceden a unha axuda pública.

Inicialmente o Plan RehaVita prevía estas axudas unicamente para afectados por execucións hipotecarias, pero posteriormente ampliáronse ás persoas que perdían a súa vivenda como consecuencia da falta de pago do alugueiro.

A estes efectos, **coordináronse as actuacións coa consellería de Política Social** para, conxuntamente co programa Reconduce, poder prestar a debida atención ás persoas que estaban en risco de perder a súa vivenda por falta de pagamento. A través deste programa, a Xunta de Galicia da unha resposta específica para a abordaxe destas situacións de risco de desafiuzamento mediante a prestación integrada de servizos de asesoramento xurídico e económico ás familias afectadas, que inclúe a realización de actuacións de mediación coas entidades financeiras e cos arrendadores, así como o redeseño da economía familiar, atención social específica, apoio psicolóxico, orientación laboral e, cando se reúnan os requisitos específicos, xestión da asistencia xurídica gratuíta e busca de vivenda alternativa

Mantívose a vixencia do convenio entre o **Consello Xeral do Poder Xudicial, a Xunta de Galicia e a FEGAMP** co obxecto de establecer un

protocolo de actuación conxunta para detectar os casos de especial vulnerabilidade en procedementos de lanzamento de vivenda familiar e adoptar medidas de carácter social e de realoxo que eviten os efectos da perda de vivenda. Ao abeiro deste convenio faise posible que os xulgados suspendan a execución dun desafiuzamento cando existe unha situación de vulnerabilidade social, durante un prazo determinado, para permitir que os servizos sociais municipais e os autonómicos poidan adoptar as medidas de protección social necesarias para responder adecuadamente á dita situación.

Asinouse un Convenio entre o IGVS e o Valedor do Pobo para canalizar as posibles situacións de especial necesidade de vivenda de tal xeito que puideran ser avaliadas e, no seu caso, atendidas de forma inmediata polo IGVS.

Asináronse convenios de colaboración con varias entidades financeiras coa finalidade de solucionar as necesidades residenciais de persoas afectadas por execucións hipotecarias. Os convenios foron asinados con Abanca o 6 de xullo de 2015, Caixa Rural Galega o 7 de xullo, Banco de Sabadell en setembro de 2015 e CaixaBank en 2016.

Estes convenios ademais de outras cuestións teñen o obxecto de posibilitar a permanencia na vivenda das persoas afectadas por procedementos de execución hipotecaria instados pola propia entidade.

As entidades financeiras comprometíanse a poñer en coñecemento do IGVS todos os casos de execucións hipotecarias nos que estea autorizado xudicialmente o lanzamento, dirixidas contra persoas físicas ás quen non lles resulten de aplicación as medidas contidas na lexislación estatal de protección de debedores hipotecarios, reestruturación de débeda e aluguer social.

Asemade, as entidades de crédito comprometíanse a non facer efectivo o lanzamento ata que se acadase unha solución que permitise a permanencia da familia afectada na vivenda que viña ocupando como vivenda habitual e permanente.

Os afectados poderán permanecer na vivenda durante o prazo dun ano, prorrogable ata un máximo de tres anos pagando un alugueiro mensual

que non superará os 75 euros e deberán asumir os gastos de mantemento das condicións de habitabilidade da vivenda.

Para acollerse a esta medida os afectados deberán cumprir dúas condicións:

- a) Que se trate da execución hipotecaria da única vivenda da unidade familiar e que constitúa a residencia habitual e permanente do debedor hipotecario.
- b) Que os ingresos ponderados da unidade familiar non sexan superiores a 4 veces o Indicador Público de Rendas de Efectos Múltiples (IPREM). Para a ponderación seguiranse os baremos aplicables aos programas do IGVS, polo que os ingresos da unidade de convivencia, en función do número de membros que a integran e das súas circunstancias persoais, poderán acadar 29.820 euros.

Neste marco, tamén se asinou un **convenio co Consello Galego da Avogacía** que tiña por obxecto establecer a colaboración entre o IGVS e o Consello da Avogacía Galega, a efectos de crear as canles de información necesarias para remediar que persoas en situación de desamparo perdan a súa vivenda ou, no seu caso, consigan, ao abeiro dos programas existentes, un inmediato realoxo en vivendas a disposición da Xunta de Galicia ou o acceso as axudas para o alugueiro de vivendas.

Todas estas medidas mereceron unha opinión moi favorable da propia Valedora do Pobo que no seu informe do ano 2015 indica que *"é de equidade sinalar, que o paquete de medidas implementado é significativamente máis ambicioso que as adoptadas por outras comunidades autónomas"*.

Programa 3. Apoio a situacións de emerxencia residencial

Bono alugueiro social

As subvencións do programa do Bono de Aluguer Social están destinadas a atender con carácter urxente ás unidades de convivencia que precisen, por estar inmersas en situacións de especial dificultade, dunha axuda para asumir o custo do arrendamento da súa vivenda.

As axudas son de concesión directa a todas as persoas que, reunindo os requisitos, así o soliciten, de tal xeito que si a dotación inicialmente prevista nas convocatorias publicadas non fora suficiente, ampliárase dita contía para atender a todas as solicitudes.

As subvencións do Programa do bono de alugamento social están destinadas a atender con carácter urxente as seguintes unidades de convivencia:

a) Aquelas que precisen dunha axuda para asumir o custo do arrendamento da súa vivenda, por estaren inmersas en situacións de especial dificultade que determinaron que a persoa arrendadora interpuxese unha demanda de desafiuzamento por non pagamento das rendas.

b) As das vítimas de violencia de xénero que teñan dificultade para asumir o custo do arrendamento dunha vivenda e que no momento da solicitude estean residindo nun recurso de acollida dos integrados na Rede galega de acollemento para este colectivo e adscrito a unha Administración pública.

Para os efectos deste programa, consideraranse vítimas de violencia de xénero as mulleres, os seus fillos e fillas menores orfos, vítimas tamén desta violencia, así como as mulleres e nenas vítimas de trata con fins de explotación sexual. Terán tamén esa consideración as mulleres que padecesen violencia vicaria ou violencia *por interpósita persoa*.

c) Aquelas con dificultades para asumir o custo do arrendamento dunha vivenda e que son privadas da súa vivenda habitual, que posúen en calidade de propietarias ou usufrutuarias, por danos sufridos nesta, derivados dunha circunstancia imprevisible e sobrevida, tales como incendios, inundacións, etc.

d) Aquelas que, tendo sido beneficiarias do programa Aluga, regulado polo Decreto 84/2010, do 27 de maio, para o fomento do alugamento de vivendas na Comunidade Autónoma de Galicia, desfrutasen na súa totalidade da subvención do dito programa e lles rematase o período máximo de desfrute desa axuda dentro dos seis meses anteriores á data da presentación da súa solicitude de subvención do Programa de bono alugamento social.

e) Aquelas ás cales, tendo sido arrendatarias dunha vivenda de promoción pública de titularidade do IGVS, finalizase a vixencia do seu contrato, a partir da entrada en vigor esta orde.

f) Aquelas ás cales, por concorrer circunstancias de emerxencia social e non acadar o límite mínimo de ingresos establecido no Programa de vivendas baleiras, a comisión de seguimento e coordinación do citado programa lles propoña a adxudicación dunha vivenda no marco do citado programa.

g) Aquelas que sendo residentes en vivendas de entidades financeiras ou da Sociedade de Xestión de Activos procedentes de Reestruturación Bancaria (Sareb), en virtude dos convenios de colaboración subscritos entre o IGVS e as citadas entidades, rematasen a vixencia do seu contrato de arrendamento dentro dos seis meses anteriores á data de presentación da súa solicitude de subvención do Programa do bono alugamento social.

O Bono de alugueiro social cobrou unha especial importancia para atender a estes colectivos, así como a outros grupos de persoas vulnerables ou con especial dificultade para facer fronte ao pago da vivenda.

Inicialmente o Bono concedíase por un período de 12 meses prorrogable dúas veces por período da mesma duración, polo que podía chegar a un total de tres anos. En 2019 ampliouse a duración do Bono ata un total de seis anos, duplicando o tempo que os beneficiarios o poden percibir.

En 2020, como consecuencia da Covid-19, a Xunta de Galicia decidiu incrementar a cobertura do Bono incrementando o seu importe. Se ata entón o Bono garantía unha axuda como mínimo do 50 por cento do custe do alugueiro, dende abril de 2020 o importe acada o 100 por cento de dito custe. Esta medida mantense na actualidade.

Por outra parte, en 2019 e no marco do Pacto de Estado creouse un **Bono de alugueiro social específico para vítimas de violencia de xénero**, os seus fillos dependentes e as vítimas de explotación sexual. Este colectivo xa estaba incluído no Bono creado en 2015, pero co novo Bono específico ampliáronse os supostos de concesión do mesmo.

Así, o 6 de febreiro de 2019 asinouse un convenio entre o Instituto Galego da Vivenda e Solo e a Secretaría Xeral da Igualdade coa finalidade de

coordinar a elaboración dunha convocatoria de axudas ao alugamento de vivenda para as vítimas de violencia de xénero, dentro do marco do Programa do bono de alugueiro social do Plan RehaVita e ao amparo do Pacto.

Os recursos destinados ao bono de alugueiro social son todos aqueles necesarios para dar cobertura a todas as solicitudes presentadas que reúnan os requisitos establecidos na convocatoria. Polo tanto, máis aló das cantidades asinadas inicialmente, si fora preciso ampliaríanse ata dar cobertura ao 100% das solicitudes.

Polo tanto as cantidades aboadas foron as necesarias para dar cobertura ás solicitudes presentadas.

En conxunto, as convocatorias do Bono de alugueiro social e do Bono de alugueiro social para vítimas de violencia de xénero, publicadas nos anos 2015 a 2020 no primeiro caso e nos anos 2019 e 2020 no caso de vítimas, suman un total de 7.515.773 euros.

BONO DE ALUGUEIRO SOCIAL e BONO DE ALUGUEIRO SOCIAL PARA VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO		
CONCELLO	AXUDAS	IMPORTE €
A Coruña	362	1.162.555
A Laracha	5	13.300
Ames	46	140.161
Aranga	2	6.900
Ares	9	26.400
Arteixo	50	161.254
Arzúa	1	4.500
Betanzos	3	10.275
Brión	1	4.200
Cabanas	3	9.600
Camariñas	2	4.050
Cambre	18	57.820
Carballo	17	47.895
Cariño	3	8.135
Carral	1	2.250
Cedeira	3	9.000
Cee	2	7.040
Cerceda	2	6.600
Culleredo	24	72.385
Fene	13	36.545
Ferrol	96	289.170
Fisterra	1	2.040
Laxe	5	14.440
Mazaricos	2	5.400
Melide	1	3.300
Miño	6	18.575
Monfero	1	3.300

BONO DE ALUGUEIRO SOCIAL e BONO DE ALUGUEIRO SOCIAL PARA VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO		
CONCELLO	AXUDAS	IMPORTE €
Mugardos	6	13.800
Muros	2	5.810
Muxía	2	5.440
Narón	26	74.455
Negreira	3	9.900
Noia	3	10.444
Oleiros	11	34.000
Ordes	8	23.180
Oroso	4	9.897
Outes	1	3.960
Padrón	2	6.300
Ponteceso	3	10.400
Pontedeume	2	6.300
Porto do Son	1	3.300
Ribeira	2	5.100
Sada	19	55.020
Santa Comba	1	3.300
Santiago de Compostela	70	233.830
Teo	8	26.180
Val do Dubra	1	3.000
Valdoviño	1	3.300
Vimianzo	1	3.000
Burela	1	0
Cervo	1	3.000
Chantada	5	15.300
Cospeito	1	2.400
Foz	16	45.160
Friol	4	10.950
Lourenzá	1	3.000
Lugo	183	550.775
Monforte de Lemos	19	58.928
Navia de Suarna	2	5.360
O Incio	2	4.000
Rábade	6	18.830
Sarria	41	112.465
Sober	1	3.360
Vilalba	4	10.350
Vilalba	1	3.300
Viveiro	5	15.000
A Rúa	1	3.300
Allariz	5	16.000
Barbadás	1	3.750
Carballeda de Avia	1	2.400
Cartelle	1	3.300
Leiro	1	3.300
Muiños	1	3.000
O Barco de Valdeorras	8	20.575
O Carballiño	20	57.485
O Incio	1	3.000
Ourense	189	587.230
Pontedeva	2	3.600
Ribadavia	7	21.370
Taboadela	1	3.300
Viana do Bolo	3	7.440

BONO DE ALUGUEIRO SOCIAL e BONO DE ALUGUEIRO SOCIAL PARA VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO		
CONCELLO	AXUDAS	IMPORTE €
Vilar de Barrio	1	4.200
Xinzo de Limia	5	12.405
Xunqueira de Ambía	5	11.550
A Cañiza	4	11.825
A Estrada	5	14.220
A Guarda	7	24.215
As Neves	1	3.000
Baiona	6	18.884
Bueu	1	3.000
Caldas de Reis	2	5.700
Cambados	2	6.000
Cangas	18	56.700
Cuntis	1	3.636
Gondomar	4	13.500
Lalín	15	40.089
Marín	22	62.500
Moaña	6	19.500
Moraña	1	3.300
Mos	1	3.300
O Grove	5	17.040
O Porriño	13	38.535
O Rosal	4	12.300
Poio	18	60.875
Ponte Caldelas	7	19.430
Ponteareas	34	111.180
Pontevedra	82	258.980
Redondela	22	65.460
Ribadumia	2	7.500
Rodeiro	3	7.775
Salvaterra de Miño	4	13.200
Sanxenxo	1	3.300
Soutomaior	3	9.600
Tomiño	8	27.660
Tui	10	33.195
Vigo	678	2.172.379
Vilagarcía de Arousa	19	55.005
Vilanova de Arousa	2	6.600
TOTAL	2.413	7.515.773

Infravivenda

Estas subvencións están dirixidas a prestar apoio aos concellos de Galicia de menos de 10.000 habitantes para que poidan axudar con carácter urxente ás unidades de convivencia que habiten, en condicións de propietarias, nunha vivenda que se encontre en mal estado de conservación e non dispoñan de recursos para acometer obras que permitan ter as mínimas condicións de habitabilidade.

Así mesmo, estas subvencións terán por obxecto permitir aos concellos de Galicia de menos de 10.000 habitantes rehabilitar edificacións ou vivendas do seu patrimonio municipal para destinalos a solucionar os problemas de residencia de unidades de convivencia que cumpran os requisitos fixados nesta orde.

Aínda que inicialmente o Plan RehaVita so incluía os concellos de menos de 5.000 habitantes, ampliouse o ámbito no que son aplicables, permitindo o acceso ás mesmas a todos os concellos de menos de 10.000 habitantes.

Para a súa aplicación, son os concellos os que deben de formular as solicitudes, tanto cando se trata de vivendas de titularidade municipal como si son vivendas de propiedade privada.

As axudas aos concellos para as actuacións sinaladas poderán acadar ata o 95% do orzamento protexido das obras, sen que en ningún caso poidan superar a cantidade de 15.000 euros por vivenda rehabilitada.

INFRIVIVENDA		
CONCELLO	NÚMERO VIVENDAS	IMPORTE CONCEDIDO €
Aranga	4	46.283,95
Boimorto	1	7.099,38
Cesuras	1	3.727,08
Dodro	2	26.128,73
Laxe	3	42.478,09
Negreira	1	7.279,79
Pobra do Caramiñal	2	22.932,94
Porto do Son	1	11.656,50
San Sadurniño	1	9.535,98
Toques	1	11.776,85
Trazo	4	47.355,85
Cervantes	1	15.000,00
Monterroso	1	9.503,20
Muras	1	15.000,00
A Bola	1	8.531,00
A Mezquita	3	44.969,18
A Peroxa	1	6.580,57
A Veiga	3	45.000,00
Carballeda de Avia	1	13.780,00
Cenlle	1	12.807,53

INFRIVIVENDA		
CONCELLO	NÚMERO VIVENDAS	IMPORTE CONCEDIDO €
Ramirás	1	15.000,00
A Lama	24	269.114,78
As Neves	10	111.983,67
Campo Lameiro	3	39.769,33
Cerdedo-Cotobade	3	30.271,50
Covelo	1	14.452,15
Crecente	1	8.062,10
Fornelos de Montes	6	68.838,78
Moraña	7	66.272,63
O Rosal	1	12.954,55
Ponte Caldelas	2	27.975,93
Silleda	3	22.806,22
Vila de Cruces	2	19.007,13
TOTAL	98	1.113.935,39

As contías destinadas a estas axudas cubriron a totalidade das solicitudes presentadas que cumprían requisitos.

Conclusións

No referido a este eixo cabe destacar que a finalidade dos diferentes programas era dar cobertura a todas as solicitudes presentadas que reuniran os requisitos para ser beneficiarios das axudas. Neste sentido, tanto o Bono como o programa de infravivenda cumpriron eses resultados e cos indicadores acadados se atenderon as solicitudes presentadas. No referido ás vivendas de inserción foi preciso ir adaptando o programa a falta de participación activa de moitos concellos no programa de vivendas baleiras a través do que se viña a cubrir unha parte importante das actuacións incluídas nesta medida.

No referido ao Bono alugueiro concedeuse a totalidade das solicitudes presentadas que cumprían os requisitos. Ademais, fóronse ampliando os colectivos e situacións a protexer, os anos de duración da cobertura e pasouse dunha axuda do 50% da renda ata o 100% do importe mensual.

Por outra banda, a execución do programa de infravivenda partía dunhas expectativas moi superiores ás actuacións que se levaron a cabo. O plan

prevía 1.701 actuacións de infravivenda e unicamente se executaron 98, o que supón un 5,76 por cento do total.

En todo caso, atendéronse todas as solicitudes que foron presentadas polos concellos e que cumprían os requisitos fixados nas bases das oportunas convocatorias. Isto acredita que o programa necesita máis tempo para asentarse plenamente e para que sexa un instrumento máis utilizado polos concellos para axudar a solucionar situacións na que viven algunhas persoas que non teñen recursos para mellorar as condicións de habitabilidade da vivenda na que residen.

EIXO 4. OUTRAS MEDIDAS EN MATERIA DE VIVENDA

INDICADOR ORZAMENTO	PREVISTO NO PLAN	EXECUTADO	% DE EXECUCIÓN
	2,01	2,3	109
TOTAL	2,01	2,3	109

Observatorio de Vivenda de Galicia

En decembro de 2017 constitúise o Observatorio de Vivenda de Galicia como un espazo de intercambio de información, propostas e comunicación do sector da vivenda destinado a servir de apoio aos axentes públicos e privados interesados no sector (administracións, usuarios, empresas, profesionais, asociacións e cidadanía en xeral).

O Observatorio articúlase como una ferramenta activa, transparente e útil para facilitar un maior coñecemento deste ámbito e dar soporte na toma de decisións para as entidades e os actores do sector da vivenda.

O Observatorio configúrase como un órgano colexiado, de carácter consultivo e de participación social, adscrito á consellería competente en materia de vivenda.

Esta presidido polo conselleiro/a con competencias en materia de vivenda.

O Observatorio estará integrado polos seguintes órganos:

- O consello
- As seccións

O Consello do Observatorio ten como función principal a programación, o impulso e a coordinación dos traballos que se realicen nas diferentes seccións que se constitúan.

Esta integrado polos representantes das administracións públicas con competencias na materia e os representantes de institucións ou asociacións axentes da edificación (Lei 38/1999, de 5 de novembro, de ordenación da edificación)

- Xunta de Galicia. IGVS
- Fegamp
- Colexio de Arquitectos
- Colexio de Arquitectos Técnicos
- Promotores
- Construtores
- Cooperativas
- Consumidores e usuarios
- Intermediarios inmobiliarios (administradores de fincas e axentes inmobiliarios)

Premios de arquitectura e rehabilitación de Galicia

Na nosa Comunidade Autónoma realízanse obras arquitectónicas que destacan pola súa contribución á sociedade, por constituír elementos innovadores así como pola procura na conservación e rehabilitación do patrimonio arquitectónico. Configúrase así como unha arquitectura orientada a mellorar as condicións de conservación e mantemento de edificios con valor patrimonial ou utilidade social e, en consecuencia, coa finalidade de mellorar a vida das persoas.

A Xunta de Galicia co obxecto de impulsar a excelencia da nosa arquitectura e a rehabilitación, acordou no ano 2016, e con carácter bienal, a convocatoria dos premios de Arquitectura e Rehabilitación da Comunidade Autónoma de Galicia. Estes premios supoñen o recoñecemento á calidade das edificacións rematadas en anos anteriores,

tanto de obra nova como de rehabilitación. Especial mención merecen os dous premios especiais: o de sustentabilidade e á traxectoria profesional; o primeiro busca destacar a implementación dunha arquitectura responsable e comprometida co medio ambiente en consonancia cos programas europeos. O premio á traxectoria profesional pretende ser un recoñecemento da especial contribución á arquitectura no territorio galego.

Deste xeito, convocáronse ata este momento os premios nas edicións de 2016, 2018 e 2020.

Os galardoados nas diferentes edicións foron os seguintes:

EDICIÓN 2016		
PREMIOS		
PREMIO	PROXECTO	AUTOR
Premio especial á traxectoria profesional		Andrés Fernández Albalat
Premio galego de arquitectura	Casa Chao	Juan Creus Covadonga Carrasco
Premio galego de rehabilitación	Catro edificios da sede do Rexistro da Propiedade de Vigo	Jesús Irisarri Castro Guadalupe Piñera Manso
Premio especial á sustentabilidade	Camping da Illa de Ons	Juan Zaballa Malcorra Daniel Guisande Lago

EDICIÓN 2016		
MENCIÓN		
PREMIO	PROXECTO	AUTOR
Premio galego de arquitectura. Mencións	Vivenda sobre o Miño	Manuel Jorreto Díaz
	Pavillón de celebracións do Pazo de Cea	Martín de Cominges Carvallo José Javier Villacé Rodríguez
	Centro social de Oleiros, en Ribeira	Carlos Seoane
	Centro de actividades	Francisco Liñares Túñez

	mariñeiras e cabanas do Barranco, en Ousesende, Outes	Alfonso Salgado Suárez Manuel Liñares
	Centro docente asistencial Down Coruña	Emilio Rodríguez Blanco José Luis Martínez Raído
Premio galego de rehabilitación. Mencións	Rehabilitación de vivenda na Rúa Bonaval 6	Jesús Conde García
	Casa do Medio	Óscar Andrés Quintela Iván Andrés Quintela
	Rehabilitación de vivendas no casco histórico de Vigo. Rueiro delimitado polas rúas Ferrería, San Sebastián e Baixada á Costa	Perfecto Cendón Domínguez Francisco Javier Vázquez Fernández
	Restaurante das minas San Finx, en Lousame	Dosesmas arquitectos: Álvaro Marín Durán Alfonso Castro Lorenzo
	Fundación Rubido Romero, en Negreira (A Coruña)	Elizabeth Abalo Díaz Gonzalo Alonso Núñez
Premio especial á sustentabilidade. Mencións	Dezanove House	José Ignacio Leite Martínez
	Escola infantil no Campus Universitario de Ourense	Elizabeth Abalo Díaz Gonzalo Alonso Núñez

EDICIÓN 2018		
PREMIOS		
PREMIO	PROXECTO	AUTOR
Premio especial á traxectoria profesional		José Javier Suances Pereiro
	Edar do Lagares en Vigo	Perfecto Domínguez Francisco Javier Vázquez Fernández
Premio galego de arquitectura (ex aequo)	Nova sede dos servizos centrais de Finsa	Miguel Alonso Flamarique Roberto Erviti Machain Mamen Escorihuela Vitales Antón Varela García
	Campus da Auga (Ourense)	Alfredo Freixedo Alemparte Pedro Diéguez Iglesias
Premio galego de rehabilitación	Centro de Formación de Curtiduría de Pontepedriña	Víctor López Coteló Ángel Panero Pardo

Premio especial á sustentabilidade	Sede Norvento Mangado y Asociados S.L.	Francisco Mangado
------------------------------------	--	-------------------

EDICIÓN 2018		
MENCIÓN		
PREMIO	PROXECTO	AUTOR
Premio galego de arquitectura. Mencións	Casa C. Vivenda unifamiliar en Cee	Juan José Creus Andrade Covadonga Carrasco López
	Aparcamento na rúa de Xuíz Falcone en Noia	Alfonso Salgado Suárez Francisco Xabier Liñares Túñez
Premio galego de rehabilitación. Mencións	Reestruturación de 4 vivendas na rúa Ferrería 45-47 no Casco Vello de Vigo	Eva Castro Álvarez
	Acondicionamento do cuartel da Garda Civil de Ferrol	Estudio Anta Arquitectos: Sergio Beceiro Lodeiro Rosa Vilas Ramalde

EDICIÓN 2020		
PREMIOS		
PREMIO	PROXECTO	AUTOR
Premio especial á traxectoria profesional		Manuel Gallego Jorreto
Premio galego de arquitectura	Escola infantil en A Veigadaña	Juan Ignacio Prieto López Faustino Patiño Cambeiro Estefanía Grandal Leirós
Premio galego de rehabilitación (ex aequo)	Reconstrución de vivenda afectada pola vaga de lumes en Saa.	Juan José Otero Vázquez Cecilia López Muíños.
	Rehabilitación de vivenda Intervención en bodega e área enoturística destinada á celebración de eventos.	Alfonso Penela Fernández. Oficina de Arquitectura Urbanismo y Planificación SLP: Juan Antonio Caridad Graña Isidro López Yáñez

Premio especial á sustentabilidade	Reforma de edificio existente para 8 vivendas unha oficina e aparcamento.	Leonardo Llamas Álvarez.
------------------------------------	---	--------------------------

EDICIÓN 2020		
MENCIÓNS		
PREMIO	PROXECTO	AUTOR
Premio galego de arquitectura. Mencións	Escola infantil Vilaxoán	Iago Fernández Puentes
	Conxunto Turístico Albeida	Salgado e Liñares, SLP: Alfonso Salgado Suárez Francisco Xabier Liñares Túñez
	Centro social en Cornido (Carnota).	Juan José Creus Andrade Covadonga Carrasco López
Premio galego de rehabilitación. Mencións	Rehabilitación das antigas vivendas dos mestres de Rianxo.	Sandra González Álvarez
	Escola infantil Santa Susana.	Arrokabe, SLP: Iván Andrés Quintela Óscar Andrés Quintela
	Arquivo Histórico provincial no antigo Convento de San Francisco de Ourense.	Xosé Manuel Casabella López José Luis Martínez Raído
Premio especial á sustentabilidade. Mencións	Ampliación do Centro de Saúde de Laracha para construción do PAC.	Ezcurra e Ouzande Arquitectura SLP: Cristina Ouzande Lugo Cristina Ezcurra de la Iglesia
	«El Camello» Coworking FIAT RENFE 593.	José Fermín González Blanco
	Casa da Anguía.	Juan José Otero Vázquez Cecilia López Muíños

Censo de vivendas baleiras

Tamén se aprobou o *Decreto 17/2016, do 18 de febreiro, polo que se crea e se regula o **Censo de vivendas baleiras da Comunidade Autónoma de Galicia***. O obxectivo deste regulamento é facilitar a incorporación ao

mercado dos inmobles baleiros das entidades financeiras e promover a súa participación nas políticas sociais de vivenda.

No Censo de Vivendas Baleiras da Comunidade Autónoma de Galicia están obrigadas a inscribirse todas as vivendas baleiras existentes en Galicia sempre que sexan propiedade de entidades de crédito, das súas filiais inmobiliarias ou das entidades de xestión de activos, incluídos os procedentes da reestruturación bancaria e se atopen en concellos de máis de 10.000 habitantes.

A efectos do Censo de Vivendas Baleiras da Comunidade Autónoma de Galicia, considerase vivenda baleira a que non sexa ocupada polo seu titular e na que, ademais, non exista unha persoa usuaria que dispoña do correspondente contrato que lle dea dereito á súa ocupación.

O obxectivo do Censo é dispoñer dunha información fiable das vivendas baleiras propiedade das citadas entidades existentes nos concellos cunha maior demanda de vivenda, que podan estar en situación de ser habitadas.

Así, en base aos datos do Censo incorporáronse vivendas aos convenios entre entidades financeiras e o IGVS para destinalas a alugueiro social e se ofertaron vivendas a prezo de vivenda protexida entre as persoas inscritas no rexistro de demandantes.

Programa de Xestión

Como consecuencia da integración do IGVS na Amtega o 5 de febreiro de 2014, as aplicacións informáticas xestionáronse desde a dita axencia. No período 2015-2020 xestionáronse as seguintes aplicacións:

Importe traspasado a Amtega 2015-2020: **1.941.915,19 €**

Programas de adquisición

Programas de axudas do plan estatal de vivenda 2013-2016, prórroga 2017 e 2018-2021:

Áreas de rehabilitación Concellos e Supramunicipais

Rehabilitación edificatoria

Informe avaliación de edificios

Alugamento

Programas autonómicos:

Bono de alugueiro social

Bono de alugueiro vítimas de violencia de xénero

Infravivenda

Vivendas de titularidade municipal

Préstamos á rehabilitación

Censo de vivendas baleiras

Censo de solo empresarial

Plataforma de núcleos rurais en estado de abandono

Premios de arquitectura e rehabilitación

Rexistro de entidades de control e laboratorios de calidade da edificación de Galicia

Fondo de cooperación para o apoio ao financiamento de actuacións de rehabilitación e conservación do patrimonio construído en concellos de menos de 50.000 habitantes

Programa de inventario

Actualmente estase traballando no programa do inventario (PLAVIS) para o que se fixeron actuacións en materia de solo, construcións e facturación de vivendas.

Xestión e mellora de programas existentes

Melloras nos programas de Factur, Rexistro de demandantes, xestión de IBI, Fianzas e construcións.

Lei de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia

A Lei 1/2019, do 22 abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia é a primeira lei galega de rehabilitación. Ten o obxectivo prioritario de revitalizar e dinamizar Galicia, apostando por unha recuperación efectiva dos nosos conxuntos históricos, por un rural vivo e unhas áreas metropolitanas activas para unha Galicia próspera.

A lei establece un marco legal que impulsa a recuperación do construído con criterios de sustentabilidade e respecto ao patrimonio e favorecendo a dinamización e reocupación destas áreas con medidas de simplificación normativa, coordinación administrativa e instrumentos de financiamento que as favorezan.

A recuperación destes espazos debe de xurdir do deseño de accións e medidas que doten de vitalidade a estas zonas e que as faga atractivas como ámbitos de residencia e actividade.

En concreto, os conxuntos históricos deben desenvolver un papel activo como espazos que doten a cidade dun valor engadido, formando parte do conxunto da vida cidadá e repercutindo favorablemente no desenvolvemento global da cidade ou da vila.

Por outra banda, a conservación dos asentamentos nos ámbitos rurais deben de axudar a manter un mellor equilibrio no reparto da poboación no territorio evitando o abandono e o despoboamento destas zonas e facilitando o mantemento de actividades económicas e de servizos que doutra forma están abocados a desaparecer.

Regúlase de xeito especial, o Informe de Avaliación de Edificios (IAE) indicando o seu contido, obrigatoriedade da súa realización, capacitación para elaboralo e vixencia así como o Rexistro de Informes de avaliación.

A lei presta especial atención a recuperación de aqueles ámbitos se atopan especialmente degradados que serán declarados como "Área Rexurbe" e que deberán dispoñer dun "Plan de Dinamización" como un instrumento estratéxico que marcará as actuacións a realizar, tanto en materia social, comercial, de rehabilitación das vivendas, de protección do

patrimonio, de mellora de espazos públicos así como calquera outra medida que contribúa a unha revitalización integral do ámbito.

Ademais, na lei Inclúense medidas que facilitan as actuacións de rehabilitación, tanto para a realización de obras orientadas a mellorar a accesibilidade e eficiencia enerxética das edificacións, como para intervir en inmobles que se atopan en total abandono e deterioro permitindo a aplicación da venda, substitución forzosa ou expropiación forzosa minorando o dereito de propiedade do solo nun 50% de tal xeito, que estas edificacións non sexan un obstáculo permanente para a recuperación dun ámbito. En todo caso, arbítranse mecanismos que garanten os dereitos dos propietarios ou ocupantes que non dispoñen de recursos para afrontar directamente os gastos das actuacións.

En definitiva, esta lei pretende, ademais de impulsar as transformacións físicas e económicas do entorno no que se actúa, xerar a "cultura de rehabilitación", isto é, a crenza por parte da cidadanía de que a recuperación e conservación das vivendas é unha necesidade persoal e colectiva e que ademais produce importantes retornos ao conxunto da sociedade.

RESUMO FINAL

ACTUACIÓNS			
EIXO 1			
INDICADOR ACTUACIÓNS	PREVISTO NO PLAN	EXECUTADO	% DE EXECUCIÓN
Vivendas licitadas polo IGVS de promoción pública (nº)	870	858	98,62
Vivendas iniciadas de promoción pública concertada (nº)	740	125	16,89
Axudas concedidas adquirentes (nº)	763	609	79,81
Axudas concedidas programa Aluga (nº)	875	342	42,51
Axudas ao aluguer do Plan estatal concedidas (nº)	9.584	14.750	153,9
Convenios e/ou acordos asinados con concellos (nº)	35	75	214,29
Vivendas do SAREB e outras entidades financeiras postas a disposición (nº)	100	178	178
Total Eixo 1	12.967	16.937	130,62
EIXO 2			
Axudas autonómicas concedidas para a rehabilitación illada (nº) ¹	4.088	2.977	72,82
Vivendas en edificios obxecto de rehabilitación illada do plan estatal (nº) ²	4.340	23.042	530,92
Axudas concedidas para o informe de avaliación de edificios (nº)	8.200	3.091	37,7
Vivendas licitadas para rehabilitación de promoción pública (nº) ³	120	132	110
Vivendas reparadas (nº) ⁴	459	1.705	371,46
Vivendas con axudas concedidas (nº) ⁵	667	2.739	410,64
Vivendas en edificios rehabilitados no programa de Áreas de Rehabilitación Integral (nº)	7.432	9.370	126,08
Vivendas en edificios con aforro enerxético (nº) ⁶	2.700	2.789	103,3
Total Eixo 2	28.006	45.854	163,7
EIXO 3			
Vivendas integradas na rede de inserción (nº)	750	263	35,06
Axudas concedidas Bono alugueiro (nº)	7.126	2.413	33,86
Axudas concedidas infravivenda (nº)	1.701	98	5,76
Realoxo de afectados por execucións hipotecarias	100% solicitantes	100 % solicitantes	
Total Eixo 3	9.577	2.774	28,97
TOTAL PLAN REHAVITA	50.550	65.565	129,70

ORZAMENTO			
EIXO 1			
INDICADOR ORZAMENTO	PREVISTO NO PLAN M€	EXECUTADO M€	% DE EXECUCIÓN
PROGRAMA 1. Promoción pública de vivendas	59,95	68,97	115,05
PROGRAMA 2. Apoio á promoción de vivendas protexidas de protección autonómica	11,28	19,59	173,67
PROGRAMA 3. Apoio aos adquirentes e cooperativas de vivendas de protección autonómica	7,32	9,92	135,52
PROGRAMA 4. Alugueiro de vivenda	28,95	26,95	93,09
Total Eixo 1	107,5	125,43	116,68
EIXO 2			
PROGRAMA 1. Rehabilitación illada	42,15	65,14	154,54
PROGRAMA 2. Rehabilitación directa polo IGVS	22,47	25,2	112,15
PROGRAMA 3. Areas de Rehabilitación integral	59,45	74,96	126,09
PROGRAMA 4. Outras actuacións de rehabilitación	9,75	14,45	148,21
Total Eixo 2	133,82	179,75	134,32
EIXO 3			
PROGRAMA 1. Vivendas de inserción	24,8	5,86	23,63
PROGRAMA 2. Realoxamento de afectados por execucións hipotecarias	8,1	1,15	14,2
PROGRAMA 3. Apoio a situacións de emerxencia residencial	30,7	10,05	32,74
Total Eixo 3	63,6	17,06	26,82
EIXO 4			
	2,01	2,3	
Total Eixo 4	2,01	2,3	109
TOTAL PLAN REHAVITA	306,93	324,54	105,73